Mellora da accesibilidade en vivendas de barrios desfavorecidos	030	15321	6220000	2021 3 EDUSI 2	181.340,11	SC	Baixas por anulación do crédito dispoñible Préstamo Liberbank S.A. formalizado que financiaba no ano 2021 para investimentos en alumado público municipal	020	16500	6090001	2021 2 INVAL 4	181.340,11	
					181.340,11								181.340,11

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe
Mellora da accesibilidade en vivendas de barrios desfavorecidos	030	15321	6220000	2021 3 EDUSI 2	181.340,11
					181.340,11

B) Financiamento:

FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN					
Descrición	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Importe Baixas por anulación
Baixas por anulación do crédito a concertar neste exercicio para desenvolver este proxecto	030	15220	6220000	2021 3 EDUSI 2	181.340,11
					181.340,11

Baixas por anulación: **181.340,11 euros**

En consecuencia, o proxecto experimentará as seguintes modificacións de crédito:

Descrición	CX	Aplicación orzamentaria			Proxecto	Crédito inicial	Modificación de crédito	Crédito definitivo
Mellora da accesibilidade en vivendas de barrios desfavorecidos	48	030	15220	6220000	2021 3 EDUSI 2	815.659,89	181.340,11	997.000,00
TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2022-SUPLE-03_III						815.659,89	181.340,11	
						997.000,00		

Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	181.340,11 €

2.- Financiamento		
a)	Novos ingresos.....	
b)	Baixas por anulación.....	181.340,11 €
c)	Remanente de tesourería para gastos xerais	

CUARTO: Na tramitación deste expediente de suplemento de crédito 2022-SUPLE-03 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

QUINTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2022-SUPLE-03 se contra o mesmo non se formulase ningunha reclamación, e publicarase o seu resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS, PARA SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO AUTOESCALEIRA AUTOMÁTICA PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO, CON/72/2020.

Incorpórase á sesión o concelleiro Don Jorge Duarte Vázquez.

A proposta do concelleiro delegado de mobilidade, seguridade cidadá e festas de data 31 de marzo de 2022, é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Expediente de contratación CON772/2020, relativo á subministración dun vehículo autoescaleira para o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento.
2. Aprobación do inicio do expediente de contratación mediante acordo da Xunta de Goberno Local (XGL) de 15.03.21, cun tipo de licitación de 145.000,00 € sen IVE (o total con IVE ascendía a cantidade de 175.450,00 €). Consta informe de Intervención número 89/2021.
3. Adxudicouse o contrato, mediante acordo da XGL o 01.06.21, á empresa GLOBAL PROJETS AND SUPPLIES SL por un importe de 143.950,00 € (sen IVE); asinando o contrato o 05.07.21.
4. A XGL acordou o 17.08.21 ampliar o prazo ata o 05.09.21.
5. Consta a factura emitida o 03.08.21 (F/3949/2021) por un importe de 174.179,50 (IVE incluído).
6. Consta acta de recepción asinada polo responsable do contrato o 07.09.21 e, pola adxudicataria o 06.09.21.
7. Consta nova factura:

NºFactura	Concepto IVE	Orgánica	Programa	Económica	Importe
Nº Emit- 2021466	SUBMINISTRO VEHICULO AUTOESCALEIRA AUTOMÁTICA PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	DUN060	13600	6240000	174.179,50 €
B86344454	PROVEDOR GLOBAL PROJECTS AND SUPPLIES SL				30.229,50€

Enderezo

Rúa Reis Católicos, núm. 6 CP 28108 Alcobendas (Madrid)

8. Consta acta de conformidade da factura asinada polo oficial-xefe do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento e polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Festas o 27.12.21.

9. Consta documento contable D Nº operación 220210032849 do Proxecto 2020 UNESP 20 1.

10. Comprobación do investimento levado a cabo pola viceinterventora municipal o 04.03.22 e emisión de informe de omisión da función interventora nº 167/2022.

11. Emisión de informe xustificativo de 09.03.22.

12. Documentos contables de operacións pendentes de aplicar a orzamento 220210035337 e 220210032849 incorporados ao exercicio 2022.

13. Memoria e proposta de recoñecemento extraxudicial de crédito da factura F/2021/5162.

14. Emisión de informe de fiscalización nº 297/2022 do 29.03.22.

CONSIDERACIÓNS

Os gastos soportados en ditos xustificantes acometéronse en base á operación 220210035337 de 31.12.21, en base ao contrato CON/72/2020; que tiña por obxecto a subministración dun vehículo autoescaleira para o Servizo de Extinción e Salvamento do Concello de Santiago de Compostela.

Consta acta de recepción asinada polo responsable do contrato o 07.09.21 e, pola adxudicataria o 06.09.21.

Con posterioridade, nunha conversa informal, comunicouse que neste tipo de recepcións debía estar presente un/unha representante da Intervención Municipal (é dicir, produciuse un cambio de criterio en relación ao que se viña facendo de xeito consuetudinario; cambio que a Intervención Municipal non comunicou, cando menos, a este Centro Xestor – ver CON/68/2018, CON/30/2019 ou CON/49/2019–; contratos nos que se indicaba a necesidade de comunicacións da recepción á Intervención Xeral para que esta realizase as comprobacións necesarias e nos que esta non consideraba

que fose necesario).

O 20.10.21 remitiuse á Intervención Municipal correo para tratar de concertar unha data para facer a visita de comprobación e elabora a correspondente acta; existindo visitas, chamadas, conversas, ofrecemento para achegar o vehículo a Salvador Allende e correos en datas posteriores. Non foi ata o 4.03.22 que a representante da Intervención Xeral veu a constatar a existencia do vehículo.

Aínda que non foi posible elaborar a acta coa presenza dalgunha/-a representante da Intervención Municipal, tramitouse a factura, xa que existe a obriga de abono das prestacións realizadas polo terceiro o seu favor, en virtude dun principio xeral do dereito conforme o cal ninguén pode enriquecerse en detrimento doutro, isto é, a teoría do enriquecemento inxusto, necendo así una obriga ex lege.

A empresa entregou o vehículo autoescaleira no Parque de Bombeiros do SEIS do Concello de Santiago de Compostela, en orde de marcha e completamente funcional e operativo en todos os seus sistemas e elementos; o manual de instrucións de uso e de mantemento do vehículo autoescaleira automática e impartiu a formación lícitada e a ofertada como mellora; todo elo sen custo adicional ao acordado no CON/72/2020.

En calquera caso as patoloxías descritas non determinan que as actuacións levadas a cabo na realización de ditos gastos teñan incorrido en un vicio de nulidade de pleno dereito, por ter prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido (artigo 47 Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Non en tanto, esta invalidez dos actos nulos non exime a Administración municipal da obriga de abono das prestacións realizadas polo terceiro o seu favor, en virtude dun principio xeral do dereito conforme o cal ninguén pode enriquecerse en detrimento doutro, isto é, a teoría do enriquecemento inxusto, necendo así unha obriga ex lege.

Na esfera local, en aplicación desta teoría e para solventar os problemas e inxustizas que se poden producir, a xurisprudencia ten forxado un procedemento excepcional e especial denominado de recoñecemento extraxudicial de crédito que permite recoñecer obrigas que derivan de actuacións irregulares, como as descritas.

Neste senso o artigo 30 das Bases de Execución dos orzamentos xerais vixentes regula no ámbito desta Administración municipal o procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos, correspondéndose co suposto previsto no apartado 1.1.b) de dito artigo os gastos a que se refire a presente proposta.

Considerándose ademais por quen subscribe que nos gastos de referencia concorren os requisitos e esixencias contidas en dito artigo, para que proceda o recoñecemento das correspondentes obrigas mediante a tramitación de expediente de recoñecemento extraxudicial e abono da correspondente indemnización o terceiro polas prestacións efectuadas a esta Administración municipal, isto e:

- Existencia de crédito orzamentario específico e axeitado na aplicación 060 13600 6240000 (proxecto 2020 3 UNESP 20 1) do orzamento municipal vixente (OPA 220210035337), sen que da imputación dos gastos a aquela poda derivarse prexuízo ou limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na consecuente aplicación orzamentaria.

-Xustificación da necesidade do gasto nos termos que se deixan expostos nesta proposta.

-Xustificación da falta de aboamento por causas, previsiblemente, imputables ás demoras da súa tramitación nos departamento de intervención, ante a acumulación de traballo e total falta de previsión do seu procedemento de tramitación ao non comunicar o cambio e criterio, ausencia de definición do procedemento e ausencia de resposta ao correo remitido o 10.10.21. -As actuacións realizáronse baixo o principio de boa fe e confianza lexítima.

-Consta a constitución do aval na Tesoureira Municipal por importe de 15.025,15 €.

-Que as prestacións realizadas polo terceiro son as estritamente necesarias para satisfacer a necesidade que motiva aquelas.

-Que os prezos facturados son correctos e adecuados o mercado, coincidindo importe de adxudicación do contrato de orixe.

-Que a data de realización coincide coa data de facturación (DAT FACT).

-Que a imputación do gasto non vai producir prexuízo ningún para a realización de todas as atencións do exercicio corrente.

Asemade, incorpóranse o expediente os seguintes documentos:

-Documento contable OPA 220210035337 (aplicación 060 13600 6240000 -proxecto 2020 3 UNESP 20 1-) acreditativo da suficiencia de dotación orzamentaria expedido polo servizo de contabilidade.

-Acta de conformidade expedida polos responsables da unidade xestora municipal en relación as prestacións efectuadas polo terceiro e da realidade do gasto.

-Facturas detalladas expedidas acreditativas do dereito do acredor.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobado o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, recoñecendo as débedas contraídas co terceiro, conceptos e importes que de seguido se reflicten:

TERCEIRO	CIF/NIF	DATA REX	N.FACT	DATA FACT	CONCEPTO	IMPORTE €
GLOBAL PROJECTS AND SUPPLIES SL	B86344454	26.10.21	F/2021/5162	14.10.21	SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO AUTOESCALEIRA AUTOMÁTICA PARA O SERVIZODE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	174.179,50 €

Segundo.- Aprobado unha indemnización substitutiva en favor de tal terceiro polo

importe indicado con imputación a aplicación orzamentaria 060 13600 6240000 (proxecto 2020 3 UNESP 20 1) do orzamento municipal vixente (OPA 220210035337).”

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobado o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, recoñecendo as débedas contraídas co terceiro, conceptos e importes que de seguido se reflicten:

TERCEIRO	CIF/NIF	DATA REX	N.FACT	DATA FACT	CONCEPTO	IMPORTE €
GLOBAL PROJECTS AND SUPPLIES SL	B86344454	26.10.21	F/2021/5162	14.10.21	SUBMINISTRO DUN VEHICULO AUTOESCALEIRA AUTOMÁTICA PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO	174.179,50 €

Segundo.- Aprobado unha indemnización substitutiva en favor de tal terceiro polo importe indicado con imputación á aplicación orzamentaria 060 13600 6240000 (proxecto 2020 3 UNESP 20 1) do orzamento municipal vixente (OPA 220210035337).

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA O FOMENTO DO MERCADO DE ABASTOS E A CORRECTA IMPLEMENTACIÓN DA PEONALIZACIÓN DO ÁMBITO DE MAZARELOS.

O texto da proposición presentada con data 16 de marzo de 2022, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de que se tomen medidas de fomento, planificación e dinamización efectivas para o Mercado de Abastos e a correcta implementación da peonalización de San Fiz e Mazarelos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No mes de abril do ano 2021 o Pleno da corporación aprobaba unha proposición, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, que recollía o seguinte acordo instando ao goberno local a:

1. Que por parte do goberno se tome en consideración a peonalización da Praza de Mazarelos para limitar a circulación a residentes e a transportes de mercadorías e suprimir as prazas de aparcamento existentes nese ámbito, realizando un estudo previo da afectación desta medida que identifique e pondere os problemas de servizo e de mobilidade que traería consigo a súa implantación, e conseguintemente valore a oportunidade da mesma.

2. Consensuar un cronograma, calendario e ritmos para implementar unha proposta de estacionamento de alta rotación para o Mercado de Abastos de Santiago, de uso

exclusivo para as persoas usuarias do mesmo en horario comercial e de uso para residentes no resto do horario.

3. Elaborar un estudo detallado dos usos e dos perfís da clientela do Mercado de Abastos de Santiago, que poida ser empregado para impulsar futuras medidas de axuda e protección do Mercado.

4. Establecer as necesarias canles de diálogo, comunicación e participación co tecido asociativo veciñal, comercial, universitario, hostaleiro e en xeral coa cidadanía para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación.

Proposición que se reiterou no Pleno de Setembro dese ano e que foi novamente aprobada. A proposta elaborada por Compostela Aberta tentaba dar resposta a unha importante demanda como era a de avanzar na necesidade da humanización do ámbito da Praza e Arco de Mazarelos, única peza urbanística intramuros que continúa a padecer as consecuencias da libre circulación de vehículos motorizados. Ao tempo que era deseñada poñendo o foco nas necesidades do Mercado de Abastos e en que o espazo para o tránsito e o estacionamento resultante atendera especialmente as necesidades e demandas da Praza así como, de xeito complementario, a veciñanza residente. Así, na proposta presentada para o debate procurábase facilitar o uso do vehículo privado en horario de mercado, ao tempo que se ampliaban as zonas de estacionamento residencial fora dese horario.

No total habilitárianse 25 prazas de aparcamento de zona ORA de curta duración, que poderían ser para o uso de residentes da zona histórica polas noites e nas fins de semana. Ademais, de propor tamén a instalación dun sistema para a sensorización das novas prazas de estacionamento en San Fiz para poder ofrecer datos en tempo real sobre as prazas dispoñibles. Esta información recolleríase en paneis electrónicos situados en ambas as dúas direccións da rúa Virxe da Cerca. Tal e como recollía o acordo, esta proposta de estacionamento de alta rotación exclusivo para o Mercado de Abastos estaba acompañada doutras medidas como a implementación dos bonos-aparcamento, e que deberían ser completadas coa elaboración dun estudo detallado e pormenorizado que permita establecer e coñecer mellor os perfís de uso do Mercado, para continuar impulsando medidas de apoio a este sector concreto de comercio de proximidade. Accións que o goberno municipal non ten executado ata o momento a pesar de estar aprobadas en Pleno desde hai case un ano.

O que si levou adiante o goberno local foi unha nefasta implementación dunha boa idea. Así, a mediados de febreiro promoveu a alarma e a indignación entre as persoas que traballan e teñen os seus postos no Mercado de Abastos, cunha presenza policial intimidante e sobre todo con posta en marcha da peonización totalmente caótica e carente de sentido. Unha implementación e posta en marcha que ademais realizouse desde a soberbia e sen cumprir os puntos de diálogo, consenso e acordo que se pedía por parte do Pleno municipal, demorando un mes en baixar do seu pedestal o goberno para levar adiante algunha das medidas aprobadas en xuño do 2021.

Un ataque directo a unha das xoias da cidade histórica de Santiago como é o Mercado de Abastos e que vai, ademais, no sentido contrario da desexable aposta por este tipo de comercio, pequeno e de calidade, que fai que as rúas da cidade estean máis vivas e que sexamos, realmente, singulares. Un ecosistema moi fráxil que precisa dun **Plan de preservación do carácter singular do Mercado de Abastos**. A Praza é o destino máis visitado en Santiago despois da Catedral, e non pode caer na hipermasificación dos mercados doutras cidades. Por iso, cómpre actuar conxuntamente coa Asociación

e a Cooperativa para estudar a ampliación a mellora dos servizos, a ordenación dos fluxos turísticos e a promoción de actividades divulgativas sobre todo en tempada baixa.

Cómpre, ademais, traballar en dous niveis, un máis inmediato e outro a medio prazo, no relativo ás necesidades de estacionamento e mobilidade vinculadas ao Mercado. No inmediato é necesario atender as demandas e propostas da Asociación no relativo a horarios, ordenación e novos espazos para a carga e descarga das mercadorías, así como da optimización de novas zonas de estacionamento mesmo contemplando cortar un dos sentidos en Virxe da Cerca. Tamén no inmediato é necesario facilitar o acceso ao actual parking a través da Ruela da Tafona, facéndoa accesible con unha pasarela transitable tamén para persoas con mobilidade reducida. Xa a medio prazo e co horizonte posto no vencemento da concesión do Parking da Praza de Galicia é necesario planificar desde o Concello a remodelación deste equipamento para incorporar a súa xestión á empresa municipal TUSSA e desde aí usalo como ferramenta imprescindible para facilitar un estacionamento de vehículos vinculado aos usos comerciais no Mercado de Abastos.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Implementar correctamente os acordos plenarios de Xuño do 2021, sobre todo no relativo a como ordenar o espazo de San Fiz de Solovio, con preferencia para os usos vinculados ao Mercado de Abastos e comercio durante o día e aos residentes durante a tarde, así como, levar adiante todo este proceso desde o diálogo e o consenso co tecido asociativo e veciñal.
2. Executar o acordo de Xuño do 2021 elaborando un estudo detallado dos usos e dos perfís da clientela do Mercado de Abastos de Santiago, que poida ser empregado para impulsar futuras medidas de axuda e protección do Mercado nomeadamente un 'Plan de preservación' do seu carácter singular.
3. Estudiar e planificar a asunción da xestión directa do Parking da Praza de Galicia desde a empresa municipal de mobilidade TUSSA no camiño de facer del o parking público referente para uso do comercio de proximidade e do Mercado de Abastos.
4. Estudar as medidas e propostas planteadas pola Asociación para no inmediato facilitar o estacionamento no ámbito de Virxe da Cerca, así como a mellora da accesibilidade ao estacionamento actual de Belvís a través da Rúa da Tafona.
5. Elaborar un plano específico de bonos-corazón de apoio ao comercio e postos do Mercado de Abastos de Santiago para implementar urxentemente."

Á citada proposición presentou emenda de modificación do acordo o grupo municipal do Partido Popular, co seguinte contido:

"Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Implementar correctamente os acordos plenarios de xuño de 2020, abril de 2021 e setembro de 2021, relativos á humanización e peonalización do ámbito do Arco e da Praza de Mazarelos.

2. En execución dos acordos referidos, elaborar un estudo detallado dos usos e dos perfís da clientela do Mercado de Abastos de Santiago, que poida ser empregado para impulsar futuras medidas de axuda e protección do Mercado nomeadamente un 'Plan de preservación' do seu carácter singular.

3. Dar cumprimento ao acordo plenario de xaneiro de 2020, referido á concesión do aparcamento da Praza de Galicia, en relación co estudo da súa asunción pública en beneficio do comercio de proximidade e do Mercado de Abastos, no marco dunha estratexia global para a mellora do aparcamento na cidade.

4. Estudar as medidas e propostas formuladas pola Asociación para, no inmediato, facilitar o estacionamento no ámbito de Virxe da Cerca, así como a mellora da accesibilidade ao estacionamento actual de Belvís a través da Rúa da Tafona.

5. Estudar a elaboración dun plano específico de bonos-corazón ou outra forma de apoio ao comercio e postos do Mercado de Abastos de Santiago para implementar urxentemente."

Tras o debate conxunto que se fixo coa proposición do BNG, sobre a mesma temática, e despois de ser aceptada a emenda transcrita, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 7 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Implementar correctamente os acordos plenarios de xuño de 2020, abril de 2021 e setembro de 2021, relativos á humanización e peonalización do ámbito do Arco e da Praza de Mazarelos.

2. En execución dos acordos referidos, elaborar un estudo detallado dos usos e dos perfís da clientela do Mercado de Abastos de Santiago, que poida ser empregado para impulsar futuras medidas de axuda e protección do Mercado nomeadamente un 'Plan de preservación' do seu carácter singular.

3. Dar cumprimento ao acordo plenario de xaneiro de 2020, referido á concesión do aparcamento da Praza de Galicia, en relación co estudo da súa asunción pública en beneficio do comercio de proximidade e do Mercado de Abastos, no marco dunha estratexia global para a mellora do aparcamento na cidade.

4. Estudar as medidas e propostas formuladas pola Asociación para, no inmediato, facilitar o estacionamento no ámbito de Virxe da Cerca, así como a mellora da accesibilidade ao estacionamento actual de Belvís a través da Rúa da Tafona.

5. Estudar a elaboración dun plano específico de bonos-corazón ou outra forma de apoio ao comercio e postos do Mercado de Abastos de Santiago para implementar urxentemente.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE MELLORA DO APARCAMENTO PÚBLICO NO MARCO DUNHA PLANIFICACIÓN DE MOBILIDADE SUSTENTABLE.

Con data 21 de marzo de 2022, foi presentada a proposición que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesaria adaptación das cidades cara a un contorno máis humanizado, onde o tránsito peonil recupere un espazo central, non pode facerse de costas a unha realidade na que os vehículos seguen a ter un uso maioritario e imprescindible para moitos segmentos da poboación. Así o viña a recoñecer o vixente Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS), aprobado en xullo de 2012, que cualificaba o aparcamento como “un dos elementos clave” para racionalizar a mobilidade.

Neste sentido, resulta esencial caracterizar as necesidades de aparcamento, tanto en relación cos residentes na propia cidade, como en relación coas persoas que acceden desde fóra do núcleo urbano, así como os motivos desa necesidade (residencia, xestións, traballo, compra, reparto...) para tratar de articular unha planificación pública que se adecúe e dea resposta ás demandas reais da cidadanía.

A cidade de Santiago precisa articular unha planificación en materia de aparcamentos que, co obxectivo de que poida ser inserida no novo PMUS, aborde coa urxencia precisa algúns dos problemas e retos que están a marcar o día a día da mobilidade local, con negativas repercusións para residentes, actividades comerciais e empresariais e, en definitiva, para o deseño dunha cidade amigable.

Entre as prioridades para afrontar os problemas de espazo para o aparcamento consideremos que habería que abordar de forma perentoria:

1. En primeiro lugar, a elaboración dun estudo de necesidades de aparcamento en Santiago, en orde a concretar as principais zonas de actuación e determinar o tipo de oferta e as medidas a poñer en marcha.
2. A revisión dos criterios de adscrición de determinadas zonas de reserva de aparcamento a rúas da súa máis inmediata contorna, para garantir un reparto máis racional e equitativo deses espazos en función da súa proximidade.
3. A optimización de uso das actuais zonas de reserva de aparcamento -garantindo en todo caso o acceso prioritario dos residentes-, para evitar a proliferación de prazas libres que se poden apreciar ao longo do día en distintas rúas, excluídas dun uso xeral.
4. Actuacións en relación coas concesións de aparcamentos próximas ao seu remate: rescate ou recuperación das concesións da Praza de Galicia (xullo de 2025) -tratando de compatibilizar o seu mantemento coa humanización da zona- e da Praza de Vigo (outubro 2026).
5. Programación, previa valoración doutras iniciativas relativas ao modelo urbano, de novos aparcamentos públicos a construír, tanto aqueles contemplados xa nas previsións urbanísticas no interior da cidade (entre eles, o subterráneos da Avenida da Coruña na entrada do Campus Sur ou o do parque de Belvis), como os de borde ou disuasorios (entre os que se deberían incluír o da Rúa do Cruceiro da Coruña - inicialmente descartado para os fondos *Next Generation*-, o da saída da AP-9 en San Lázaro ou a rehabilitación da área próxima ao Estadio de San Lázaro, estes dous

últimos comprometidos polo Goberno local para o actual Xacobeo). No caso dos aparcadoiros de borde resulta indispensable contemplar a súa efectiva e frecuente vinculación coa rede de transporte público.

6. Aplicación eficaz das novas tecnoloxías para mellorar a xestión do tráfico e das prazas de aparcamento existentes na cidade.

En relación con todo o anterior, o Grupo Municipal Popular eleva ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno a:

1. Realizar un estudo sobre as necesidades de aparcamento en Santiago de Compostela.
2. Revisar os criterios de adscrición das zonas de reserva de aparcamento con criterios de proximidade e equidade para o seu reparto.
3. Levar a cabo unha optimización das prazas de aparcamento reservadas nas rúas da cidade -garantindo en todo caso o acceso prioritario dos residentes-, para evitar o mantemento de prazas libres ao longo do día que quedan excluídas dun uso xeral.
4. Determinar as actuacións a realizar en relación coas concesións de aparcamentos públicos próximas a rematar, na Praza de Galicia e na Praza de Vigo.
5. Abordar a programación de novos aparcamentos públicos a construír, tanto no interior da cidade como os disuasorios nos accesos, coa previsión do seu financiamento e prazo estimativo para a súa posta en servizo.
6. Aplicar de forma eficaz as novas tecnoloxías para mellorar a xestión do tráfico e das prazas de aparcamento existentes na cidade.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, o Pleno da Corporación acorda, instar ao correspondente órgano do Goberno a:

1. Realizar un estudo sobre as necesidades de aparcamento en Santiago de Compostela.
2. Revisar os criterios de adscrición das zonas de reserva de aparcamento con criterios de proximidade e equidade para o seu reparto.
3. Levar a cabo unha optimización das prazas de aparcamento reservadas nas rúas da cidade -garantindo en todo caso o acceso prioritario dos residentes-, para evitar o mantemento de prazas libres ao longo do día que quedan excluídas dun uso xeral.
4. Determinar as actuacións a realizar en relación coas concesións de aparcamentos públicos próximas a rematar, na Praza de Galicia e na Praza de Vigo.

5. Abordar a programación de novos aparcamentos públicos a construír, tanto no interior da cidade como os disuasorios nos accesos, coa previsión do seu financiamento e prazo estimativo para a súa posta en servizo.

6. Aplicar de forma eficaz as novas tecnoloxías para mellorar a xestión do tráfico e das prazas de aparcamento existentes na cidade.

Faise un descanso cando son as 11:48 horas e volve a retomarse a sesión ás 12:14 horas, reincorporándose a totalidade dos/as concelleiros/as asistentes.

Incorpórase á sesión a concelleira Dona María Ángeles Antón .

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A FORMALIZACIÓN DUN PLAN DE ACCIÓN QUE REDUZA A EXTENSIÓN E OS EFECTOS NEGATIVOS DA CONTRATACIÓN MENOR.

Foi presentada con data 21 de marzo de 2022, a proposición que a seguir se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de febreiro coñecemos o Informe da Intervención municipal relativo á contratación menor no Concello de Santiago no ano 2020. Un documento que explica con obxectividade e claridade os inconvenientes e riscos que os denominados contratos menores (non tan menores na súa concreta contía real) supoñen para o correcto funcionamento da Administración Pública e que reflicte a “excesiva actividade” contractual con esta modalidade, excesiva actividade que pon de manifesto unha “situación estrutural”.

A utilización da opción dos contratos menores no concello de Santiago supón en moitos casos unha perversión da súa lóxica. Con semellante abuso desta técnica non se está a garantir a libre concorrência e a igualdade de oportunidades dos profesionais interesados en realizar a prestación obxecto de contrato, ao tempo que se favorece a contratación de prestacións innecesarias, se propicia que se paguen prezos excesivos ou non se consegue o control da calidade da prestación contratada. O seu abuso pode exceder con facilidade os límites da legalidade e mesmo dar lugar a casos de corrupción tal e como, en termos xenéricos, se advirte no propio Informe.

O feito de que o Capítulo II do Orzamento municipal, e concretamente o Informe económico-financieiro, non prevea expresamente o destino de 10 millóns de euros, apunta indefectiblemente á utilización expansiva desta legal pero cuestionable técnica de contratación para a obtención de subministros e servizos e ata de obras, e confirma que se trata xa, e desgraciadamente e sen xustificación, dunha situación estrutural.

É por todo iso polo que o Grupo Popular propón a adopción do seguinte:

ACORDO:

O Pleno do Concello insta ao correspondente órgano do Goberno a formalizar un Plan de acción que, consonte ás recomendacións da Intervención Municipal, reduza a extensión e os efectos negativos que a contratación menor está a supoñer para o

correcto funcionamento da Administración Pública.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno a formalizar un Plan de acción que, consonte ás recomendacións da Intervención Municipal, reduza a extensión e os efectos negativos que a contratación menor está a supoñer para o correcto funcionamento da Administración Pública.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA INICIAR O PROCEDEMENTO DESTINADO A RECUPERAR A XESTIÓN DIRECTA DA CONCESIÓN DO MERCADO DE GANDO DE AMIO QUE CADUCA EN 2022.

Con data 22 de marzo de 2022, foi presentada a proposición que a seguir se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para realizar os informes económicos e xurídicos necesarios destinados a recuperar a xestión directa das instalacións do recinto feiral de Amio, tendo en conta o interese público desta operación que en novembro de 2022 conclúe o período de concesión outorgado por 25 anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BOE de 13 de marzo de 1997 publicou unha resolución municipal en que se anunciaba o concurso para a construción e explotación, en réxime de concesión, do recinto feiral de Amio, en Santiago de Compostela. Esta concesión outorgouse en novembro dese exercicio, por un período de 25 anos e cun canon de explotación anual de 8 millóns de pesetas daquel momento. Deste xeito, en novembro de 2022 caduca o período de concesión e ábrese agora a posibilidade de asumir a xestión directa destas instalacións tendo en conta o interese público desta actividade para a diversificación da economía local e o mantemento do necesario sector primario, ademais de brindar unha maior calidade, control, transparencia, coordinación e eficiencia da prestación de ser internalizada.

En canto á necesaria subrogación do persoal, a Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, determina que non computarán para a taxa de reposición e, por tanto, non se terán en conta para o seu cálculo os servizos públicos que pasen a ser prestados mediante xestión directa, na cantidade do número de prazas que a empresa externa destina á prestación dese servizo concreto.

O canon anual desta concesión supón, na actualidade, unha cantidade de 48.080,97 euros, que deben ser incrementados a partir do quinto ano co 10% dos ingresos.

Neste tempo, o mercado gandeiro de Amio conseguiu situarse como o primeiro de Galiza entre os tres primeiros do Estado español en canto a volume de animais e transaccións. Esta é unha importante actividade para a diversificación económica de cidade de Santiago de Compostela, onde se celebran anualmente 52 feiras de vacún e tradicionalmente 2 de equino, que nos últimos anos se viron interrompidas por mor das medidas sanitarias para a prevención da pandemia da covid-19.

Na memoria do mercado de Amio detállase que en 2021, en canto ao valor económico da actividade gandeira comercial, se alcanzou a cifra global de 29.698.633 euros, cantidade superior á do 2020 en 5.713.000 euros. Por tanto, é un elemento de dinamización da economía local.

Durante o ano 2021 rexistrouse unha afluencia total de gando ao recinto feiral de 94.615 reses de vacún e 53 de equino e de porcino, o que representa unha suba do 24,63% con respecto ao ano anterior, con 18.912 reses máis vendidas. A concorrencia de gando equino foi insignificante, debido a que ese ano se suspenderon as feiras monográficas das festas da Ascensión e do Apóstolo.

Este recinto feiral dispón dunha área expositiva de 14.000 m² e conta con tres naves ou pavillóns cun uso polivalente e durante o ano 2021 tamén se celebraron eventos de carácter educativo e lúdico, aínda que moitos menos do que era habitual debido á situación de pandemia. Así, nestas instalacións realizáronse no último exercicio cribados vinculados á prevención da covid-19; probas de selección de persoal municipal, para o Parlamento e para a Dirección xeral da Función Pública; un parque de asistencia do Súper Campionato de España de Rallies; a recepción e limpeza dos vehículos da edición-2021 da Volta Ciclista a España; e catro edicións do Salón do automóbil, entre outros.

Cómpre lembrar o intento de Alfonso Rueda, cando era conselleiro de Presidencia da Xunta e tamén presidente da Fundación Semana Verde, de que o recinto feiral de Silleda acollese a partir de 2012 a actividade adscrita ao mercado de gando de Amio, en Santiago de Compostela, o que ía supor o cesamento destas instalacións. Este anuncio fora moi polémico ante a falta de diálogo co sector agrario, que reaccionou para reclamar que se mantivese esta feira de gando no emprazamento actual pola actividade socioeconómica que xeraba.

Santiago debe impulsar a súa vocación agraria, pois na actualidade hai 265 explotacións gandeiras con 4.885 cabezas de gando bovino (IGE 2020), unhas cifras que se están a reducir drasticamente desde as últimas décadas, cando había 473 explotacións e 6.228 reses (IGE 2010) e 767 explotacións e 7.758 reses (IGE 2002), por mor da crise que atravesa o sector primario co encarecemento dos custes de produción sumado á falta de políticas de apoio por parte das administracións públicas. Urxen medidas, tamén desde a política local, para trazar unha estratexia agroalimentaria sustentábel que aposte por potenciar a soberanía alimentar, o aproveitamento da base produtiva e reducir o consumo enerxético derivado dos transportes.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago realizará un informe económico e xurídico do recinto feiral e o mercado de gando de Amio co obxectivo de estudar o procedemento para recuperar a súa xestión directa, tendo en conta o interese público desta operación que en novembro de 2022 conclúe o período de concesión outorgado por 25 anos.

En previsión de que se opte pola xestión directa, o Concello de Santiago estudará outros usos alternativos para potenciar o calendario de eventos deste recinto feiral, de acordo coas demandas do sector comercial e turístico para tirarlle maior rendemento a estas instalacións públicas.

Ademais, o Concello de Santiago creará unha comisión, con participación das

organizacións agrarias, para impulsar as actividades do sector primario, evitar o peche de explotacións e favorecer a diversificación económica local cun mellor aproveitamento das instalacións do recinto feiral de Amio.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda que:

O concello realizará un informe económico e xurídico do recinto feiral e o mercado de gando de Amio co obxectivo de estudar o procedemento para recuperar a súa xestión directa, tendo en conta o interese público desta operación que en novembro de 2022 conclúe o período de concesión outorgado por 25 anos.

En previsión de que se opte pola xestión directa, o concello estudará outros usos alternativos para potenciar o calendario de eventos deste recinto feiral, de acordo coas demandas do sector comercial e turístico para tirarlle maior rendemento a estas instalacións públicas.

Ademais, o concello creará unha comisión, con participación das organizacións agrarias, para impulsar as actividades do sector primario, evitar o peche de explotacións e favorecer a diversificación económica local cun mellor aproveitamento das instalacións do recinto feiral de Amio.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA REALIZAR UN PLAN DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL PARA A PRAZA DE ABASTOS E MEDIDAS PARA DOTAR DE ALTERNATIVAS DE APARCAMENTO.

A proposición presentada con data 22 de marzo de 2022, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para realizar un plan de dinamización de compras no mercado de abastos e medidas para dotar de alternativas de aparcamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grupo municipal do BNG mantivo unha reunión de traballo con representantes das naves da praza de abastos, onde traballan 130 comerciantes, co fin de contrastar as propostas destinadas a crear un plan de dinamización comercial que inclúa medidas para mellorar a mobilidade, logo do conflito xerado ao non habilitar novas prazas de estacionamento alternativas coa peonalización de Mazarelos.

Este plan de dinamización do mercado de abastos, que debe ir dirixido a diversos sectores de idades, e que inclúa unha campaña de difusión, actividades para fomentar a compra de produto fresco de proximidade e degustacións con información sobre alimentos á venda, entre outros. Isto conterà tamén unha partida destinada ao fomento da compra directa, co obxectivo de atraer nova clientela e a fidelizar a quen compra de xeito habitual, mediante o sistema dos Bonos Corazón, co fin de garantir a continuidade deste elemento dinamizador da economía local como é a praza de abastos.

Non se pode presumir da praza de abastos, dicir que é o lugar máis visitado de

Santiago despois da Catedral, que recomendan para o turismo mentres coa práctica deixan esmorecer pouco a pouco a súa actividade comercial.

A preocupación de comerciantes está tamén na existencia de 61 postos baleiros, catro deles destinados a almacén, o que denota o declive e o risco de extinción deste mercado tradicional de non reverter esta situación de crise que atravesan, para o que se require unha maior implicación e diálogo por parte das administracións. Así, amosan a preocupación de que de luns a venres perderon boa parte da afluencia, co que manter o volume de actividade só os sábados non resulta rendíbel.

Para que volva ser atractivo o feito de mercar na praza de abastos, isto debe levar unha boa experiencia para as persoas usuarias, con facilidades para aparcar nas inmediacións, maiores frecuencias de autobuses, a posta en funcionamento do ascensor desde a rúa da Virxe da Cerca, un sistema de consigna que permita deixar as bolsas para poder ir tomar algo despois e mercar nos comercios próximos, de xeito de que a praza se converta nun polo de atracción para a xente local e da comarca e non só para o turismo.

En canto á necesidade de ordenación do tráfico e de busca de aparcamento alternativo, cómpre lembrar que o Plan especial para a ordenación do parque público de Belvís, elaborado en 2004, detalla a *ordenación e recualificación da zona deportiva do campo de fútbol que, cunha superficie de 5.000 m², aloxará no subsolo a nova dotación de aparcadoiro substitutoria do actual e, en superficie, ata 4.000 m² de usos deportivos*.

Esta proposta do BNG xa fora trasladada, tanto no anterior mandato con CA como no actual co PSOE, para a realización dun proxecto que estude a viabilidade e constrúa ese aparcadoiro soterrado en Belvís, que daría servizo ás persoas usuarias e vendedoras da praza de abastos, xunto coa mellora dos accesos. Tanto CA, cando estaba no Goberno, como agora o PSOE se comprometeron a facer este proxecto mais non o realizaron. De feito, a portavoz municipal do BNG xa transmitiu esta idea no Consello de Administración de TUSSA do 27 de xaneiro de 2020.

Ao fin do anterior, na Xunta de Goberno de 24 de maio de 2019 aprobouse unha proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de acondicionamento exterior de campo de fútbol de Belvís. Pese a que este proxecto se aprobou o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 143.990 euros e un prazo de execución de catro meses, nunca foi executado. As últimas obras alí realizadas foron en 2011.

Xa coa vista posta na recuperación para a xestión pública do aparcadoiro da praza de Galiza, que está próxima a caducar a concesión por 25 anos, pódese adoptar un convenio con posibilidade de horario gratuíto para quen vaia comprar ao mercado, para aquelas persoas que non poidan salvar a pendente da rúa das Trompas para acceder desde Belvís.

Dependendo da humanización que se formule para a Virxe da Cerca, Fonte de Santo Antonio e praza de Galiza, ten que haber un paso obrigado para aparcadoiros alternativos e disuasorios e o da praza da Galiza é un espazo idóneo para complementar ese espazo de Belvís para dar servizo ao mercado de abastos.

Ademais, é necesaria unha simplificación da sinalización de estacionamento na zona ORA nos arredores da praza, de xeito que sexa máis doada de comprender e se

permita ampliar de 10 a 30 minutos a parada de carga e descarga, porque o tempo actual que resulta insuficiente para o depósito de mercadorías. Non vale é que nun tramo de 30 metros onde a Facultade de Historia haxa 15 sinais distintos de tráfico con normas de aparcamento, que confunden a poboación e intentan solucionar con presión policial cuestións que deberían levarse a través da concienciación e de medidas alternativas.

A premisa que noutros lugares deu resultado é de que o mellor espazo peonil é aquel onde non hai que prohibir porque xa a xente sabe que só debe de pasar quen o precisa porque xa existe a suficiente concienciación e alternativas para que ese sexa o resultado lóxico.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- O Concello de Santiago realizará un plan de dinamización de compras no mercado de abastos, con Bonos Corazón, acompañado dunha campaña de difusión para que resulte atractivo facer a compra de produto fresco, saudábel e de proximidade.

2.- O Concello de Santiago dotará de alternativas para facilitar o estacionamento a persoas traballadoras e usuarias da praza de abastos a través do seguinte:

a) Realizar o proxecto do aparcadoiro soterrado, de xestión pública, en Belvís, contido no Plan especial.

b) Encargar os informes xurídicos e económicos para recuperar para o público a concesión do aparcadoiro da praza de Galiza.

c) Estudar a posibilidade de dotar de prazas de aparcadoiro na rúa Virxe da Cerca en horario de apertura do mercado de abastos."

Á presente proposición presentou emenda de substitución para a modificación do acordo, o grupo municipal do PP, co seguinte contido:

"1.- O Concello de Santiago realizará un plan de dinamización de compras no mercado de abastos, valorando a inclusión de Bonos Corazón ou outras opcións de apoio, acompañado dunha campaña de difusión, para que resulte atractivo facer a compra de produto fresco, saudábel e de proximidade.

2.- O Concello de Santiago elaborará un estudo de prioridades de construción de novos aparcamentos de xestión pública na cidade, entre eles o soterrado previsto no Plan Especial para Belvís, para facilitar o estacionamento a persoas traballadoras e usuarias da praza de abastos.

3.- O Concello de Santiago dará cumprimento ao acordo plenario de xaneiro de 2020, referido á concesión do aparcamento da Praza de Galicia, en relación co estudo da súa asunción pública en beneficio do comercio de proximidade e do Mercado de Abastos, no marco dunha estratexia global para a mellora do aparcamento na cidade.

4.- O Concello de Santiago estudará a posibilidade de dotar de prazas de aparcadoiro na rúa Virxe da Cerca en horario de apertura do mercado de abastos."

Despois de ser admitida a emenda presentada, e aceptada a votación separada por puntos, adoptáanse os seguintes acordos:

a) O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda que:

1.- O Concello de Santiago realizará un plan de dinamización de compras no mercado de abastos, valorando a inclusión de Bonos Corazón ou outras opcións de apoio, acompañado dunha campaña de difusión, para que resulte atractivo facer a compra de produto fresco, saudábel e de proximidade.

2.- O Concello de Santiago dará cumprimento ao acordo plenario de xaneiro de 2020, referido á concesión do aparcamento da Praza de Galicia, en relación co estudo da súa asunción pública en beneficio do comercio de proximidade e do Mercado de Abastos, no marco dunha estratexia global para a mellora do aparcamento na cidade.

3.- O Concello de Santiago estudará a posibilidade de dotar de prazas de aparcadoiro na rúa Virxe da Cerca en horario de apertura do mercado de abastos."

b) O Pleno da Corporación, por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e do PP (2 BNG e 8 PP) e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA (10 PSdeG-PSOE e 5 CA) acorda que o concello elaborará un estudo de prioridades de construción de novos aparcamentos de xestión pública na cidade, entre eles o soterrado previsto no Plan Especial para Belvís, para facilitar o estacionamento a persoas traballadoras e usuarias da praza de abastos.

10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA IMPULSAR UN HUB DA SUSTENTABILIDADE LOCAL NO PALACETE DO ESPIÑO.

Con data 22 de marzo de 2022, foi presentada a proposición do epígrafe, e que ten o seguinte contido:

"O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de que o novo equipamento resultante da restauración do Palacete situado na Finca do Espiño se transforme nun verdadeiro hub da sustentabilidade local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Finca do Espiño é un dos tesouros patrimoniais, tanto do punto de vista natural como arquitectónico, a resaltar e pór en valor na nosa cidade. Peza fundamental do conxunto é o palacete modernista, construído a principios do século XX, entre 1910 e 1915, por Jesús López de Rego (Santiago 1876-1972), quen foi tamén arquitecto municipal nun período moi breve de tempo. Un edificio singular encargado por quen fora avogado, deputado provincial, senador e catedrático de dereito da USC, Ramón Gutiérrez de la Peña y Quiroga (Santiago, 1843-1925) xa na etapa final da súa vida e como residencia familiar.

O palacete destaca fundamentalmente pola súa profusa decoración con motivos vexetais, elementos xeométricos, e frisos con representación de animais ou

representacións figurativas como no caso das gárgolas. Unha decoración ecléctica sobre unha base arquitectónica modernista, combinada con trazas de inspiración medieval, que semella procurar inspiración nas formas dos pazos tradicionais galegos.

Ademais, a situación do edificio, nunha finca particular e ao pé dun bosque, pode considerarse unha característica máis da súa singularidade, posto que foi construído nas aforas do trazado urbano -naquela altura- algo pouco común no modernismo que buscaba, habitualmente, os novos ensanches das cidades.

Nos últimos anos o Concello de Santiago ten iniciado diversos procedementos para conseguir rehabilitar este edificio e toda a súa contorna. No anterior mandato, o goberno municipal rescindiu o contrato das obras de recuperación do edificio coa empresa DRAGADOS S.A toda vez que se acreditou a necesidade de introducir modificacións no vello proxecto de rehabilitación que superaban o límite do 10% establecido na lei. A partir desa rescisión, elaborouse un novo proxecto incorporando modificacións que dan cabida ao actual programa do CIAC nesta instalación así como das dependencias administrativas do servizo de Medio Ambiente.

En setembro do 2019 o grupo municipal de Compostela Aberta urxiu ao goberno municipal a planificar a instalación dun centro asesor da sustentabilidade de Santiago que se sitúe -tal e como está previsto no proxecto de rehabilitación- no restaurado Palacete da Finca do Espiño, e vaia un paso máis alá das actuais funcións do CIAC como centro de educación ambiental. E que este novo equipamento fose deseñado a través das necesarias canles de diálogo, comunicación e participación coa veciñanza e tecido asociativo -veciñal, ambiental e xuvenil- para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación do que deberá ser un innovador punto de referencia da cidadanía na consulta e asesoramento sobre sustentabilidade, con actuacións específicas en centros educativos, e cun especial foco na mitigación da pobreza enerxética. Así como contar cos departamentos relacionados co Medio Ambiente como a dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, dirección Xeral de Patrimonio Natural e o ente público Augas de Galicia para que estes colaboren co Concello de Santiago na posta en marcha deste novo centro ambiental.

Esta moción de Compostela Aberta foi rexeitada polo goberno municipal aínda que na memoria descritiva do proxecto, que finalmente demorou un ano e medio máis en licitarse, si que aparece recollido:

Dentro do programa xeral definido polo Concello de Santiago, “Cultural e Administrativo” proxectase incorporar no edificio o departamento de MEDIO AMBIENTE.

Na planta baixa proxectase o CENTRO DE INTERPRETACIÓN AMBIENTAL, no primeiro andar a OFICINA DE MEDIO AMBIENTE, cuxo uso estendese así mesmo ao segundo andar.

Finalmente, as obras adxudicáronse o pasado 19 de xullo de 2021 aínda que non foi ata finais de novembro que estas comezaron, cun prazo de execución de 12 meses. Polo que a finais de 2022 teremos neste palacete localizado nas ribeiras do Sarela un espazo ideal para establecer este necesario centro de interpretación medio ambiental da cidade, que preste especial atención á nosa particular relación cos dous ríos entre os que se localiza a nosa trama urbana. “Entre o Sar e o Sarela, Santiago de Compostela”, ríos que alén de ser ricos e diversos espazos naturais tamén teñen sido fonte enerxética e motor económico, como no caso dos diferentes curtidoiros da

contorna.

Un necesario e renovado Centro de Interpretación ambiental que non pode limitarse a ser un simple espazo expositivo senón que ten que dar un paso máis alá das súas funcións actuais como centro de educación ambiental. Ademais, a nova Oficina de Medio Ambiente deberá incorporar funcións de asesoramento en materia de sustentabilidade e transformarse nun punto de referencia da cidadanía na consulta e asesoramento sobre sustentabilidade, con actuacións específicas en centros educativos, e cun especial foco na mitigación da pobreza enerxética.

Por todo o anterior, e co obxectivo de converter o novo CIAC no palacete da Finca do Espiño no verdadeiro hub da sustentabilidade local, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Convertir a Finca do Espiño nun centro asesor e dinamizador da sustentabilidade no municipio, transformado o novo CIAC do restaurado Palacete da Finca do Espiño, e indo un paso máis alá das súas funcións actuais como centro de educación ambiental.
2. Crear a Oficina de Medio Ambiente incorporando funcións de asesoramento en materia de sustentabilidade para que sexa un punto de referencia da cidadanía na consulta e asesoramento sobre sustentabilidade, con actuacións específicas en centros educativos, e cun especial foco na mitigación da pobreza enerxética.
3. Que os contidos e funcións deste novo equipamento sexan deseñados a través das necesarias canles de diálogo, comunicación e participación coa veciñanza e tecido asociativo -veciñal, ambiental e xuvenil- para que sexan partícipes no deseño, elaboración e implementación do que deberá ser un innovador punto de referencia da cidadanía na consulta e asesoramento sobre sustentabilidade, con actuacións específicas en centros educativos, e cun especial foco na mitigación da pobreza enerxética."

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP) acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Converter a Finca do Espiño nun centro asesor e dinamizador da sustentabilidade no municipio, transformado o novo CIAC do restaurado Palacete da Finca do Espiño, e indo un paso máis alá das súas funcións actuais como centro de educación ambiental.
2. Crear a Oficina de Medio Ambiente incorporando funcións de asesoramento en materia de sustentabilidade para que sexa un punto de referencia da cidadanía na consulta e asesoramento sobre sustentabilidade, con actuacións específicas en centros educativos, e cun especial foco na mitigación da pobreza enerxética.
3. Que os contidos e funcións deste novo equipamento sexan deseñados a través das necesarias canles de diálogo, comunicación e participación coa veciñanza e tecido asociativo -veciñal, ambiental e xuvenil- para que sexan partícipes no deseño,

elaboración e implementación do que deberá ser un innovador punto de referencia da cidadanía na consulta e asesoramento sobre sustentabilidade, con actuacións específicas en centros educativos, e cun especial foco na mitigación da pobreza enerxética.

11. CORRECCIÓN DE ERRO EN APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DO EXPEDIENTE DE ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO DE 2022.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 23 de marzo de 2022, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1. Trala correspondente tramitación municipal publicouse no BOP n.º 51 de 16 de marzo de 2022 a aprobación definitiva do Orzamento Xeral Municipal do exercicio 2022, á cal o Concello-Pleno prestou aprobación inicial na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de febreiro de 2022.

2. Advertido erro material na codificación mecánica de aplicacións orzamentarias que integran o expediente de orzamentos municipais para o exercicio 2022, ao abeiro do que dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela corrixir os erros observados no expediente no seguinte sentido:

CONSIDERACIÓNS

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse ao Pleno do Concello de Santiago de Compostela corrixir os erros observados no expediente no seguinte sentido:

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Rectificar o erro material na codificación de dúas aplicacións orzamentarias que figuran no acordo do Pleno da Corporación, de data 15 de febreiro de 2022, polo que se aproba o expediente de Orzamento Xeral Municipal para o exercicio 2022 nos seguintes termos:

Onde di:

Org.	Prog.	Econ.	CX	Descrición	CI 2022
060	13600	6250000	05	BOMBEIROS. MOBILIARIO	1.000,00
010	43900	7900001	38	G15120561 ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE AMIGOS DEL FERROCARRIL	30.000,00

Debe dicir:

Org.	Prog.	Econ.	CX	Descrición	CI 2022
060	13600	6250001	05	BOMBEIROS. MOBILIARIO	1.000,00
010	43900	7800001	38	G15120561 ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE AMIGOS DEL FERROCARRIL	30.000,00

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP e de CA (8 PP e 5 CA) acorda: rectificar o erro material na codificación de dúas aplicacións orzamentarias que figuran no acordo do Pleno da Corporación, de data 15 de febreiro de 2022, polo que se aproba o expediente de Orzamento Xeral Municipal para o exercicio 2022 nos seguintes termos:

Onde di:

Org.	Prog.	Econ.	CX	Descrición	CI 2022
060	13600	6250000	05	BOMBEIROS. MOBILIARIO	1.000,00
010	43900	7900001	38	G15120561 ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE AMIGOS DEL FERROCARRIL	30.000,00

Debe dicir:

Org.	Prog.	Econ.	CX	Descrición	CI 2022
060	13600	6250001	05	BOMBEIROS. MOBILIARIO	1.000,00
010	43900	7800001	38	G15120561 ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE AMIGOS DEL FERROCARRIL	30.000,00

12. DAR CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2022 E DA INSTRUCCIÓN 1/2022 DE INTERVENCIÓN DE DELEGACIÓN DE CONTROL FINANCEIRO PERMANENTE E OUTRAS NA VICEINTERVENCIÓN.

Dáse **conta** ao Pleno da Corporación do plan anual de control financeiro correspondente ao exercicio de 2022, de data 16 de febreiro de 2022.

Commented [VEC1]:

Así mesmo, tamén se da conta da Instrución 1/2022, asinada polo Interventor Xeral Municipal con data 16 de febreiro de 2022, de delegación de funcións de control financeiro permanente e outras na viceintervención e normas para o exercicio da comprobación material de investimento,

13. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO DE FINANCIACIÓN, CON CARGO AO FONDO DE PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS, FONDO DE ORDENACIÓN, PARA A CANCELACIÓN DE OBRIGAS PENDENTES DE PAGO. EXERCICIO 2022.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do informe do Interventor Xeral Municipal de data 22 de marzo de 2022, sobre procedemento extraordinario de financiación con cargo ao fondo de participación das entidades locais, fondo de ordenación para a cancelación de obrigas pendentes de pago, exercicio 2022.

14. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E RECLAMACIÓN CORRESPONDENTE AO ANO 2021.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do informe anual de queixas e reclamacións correspondente ao ano 2021, emitido pola xefa de atención á cidadanía con data 3 de marzo do corrente ano.

15. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación da resolución da alcaldía de data 17 de marzo de 2022, de delegación das atribucións da alcaldía, os días 18 e 19 de marzo do corrente ano, no segundo tenente de alcalde, don Gumersindo Guinarte Cabada.

Commented [VEC2]:

16. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Commented [VEC3]:

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións do 18 se febreiro ao 17 de marzo de 2022.

Así mesmo tamén se data conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2022/00008424Q

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 18 de febreiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00008318W

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00009109B

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 24 de febreiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/0000937Q

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 28 de febreiro de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00009972T

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 1 de marzo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00011555V

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de marzo de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00012642T

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de marzo de 2022.

17. SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE COMPARECENCIA DO CONCELEIRO RESPONSABLE DO PROXECTO PARA DESENVOLVER UNHA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE DISTRIBUCIÓN DE MERCADORÍAS NA CIDADE HISTÓRICA.

Á vista da solicitude presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data 24 de marzo do corrente ano, de comparecencia do concelleiro responsable do proxecto para desenvolver unha plataforma loxística de distribución de mercadorías na cidade histórica, e non manifestándose oposición por ningún/unha concelleiro/a enténdese aprobada por unanimidade a comparecencia solicitada na vindeira sesión plenaria ordinaria que se celebre.

18. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelación:

1.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a articulación de medidas para contribuír a crear zonas de baixas emisións.

Rogos:

1.- Presentado polo grupo municipal de CA para que se repoña o contenedor de lixo no interior do IES Eduardo Pondal.

- 2.- Presentado polo grupo municipal do PP para que o goberno local se dirixa ás empresas que provocan colas nas rúas.
- 3.- Presentado polo grupo municipal do PP para solucionar o encoro da auga nun paso de peóns entre as rúas Galeras e García Sabell.
- 4.- Presentado polo grupo municipal de CA para que se arranxe a rúa Vagalume.
- 5.- Presentado polo grupo municipal de CA para actualizar o mapa literario de Compostela.
- 6.- Presentado polo grupo municipal do BNG para dotar de prazas de aparcadoiro á veciñanza e comerciantes da Avda. Rodríguez de Viguri.
- 7.- Presentado polo grupo municipal do BNG para convocar os consellos municipais de participación cidadá.
- 8.- Presentado polo grupo municipal do BNG para arranxar o desnivel do cruzamento da Costa Nova de Abaixo con Xoán XXIII.
- 9.- Rogo presentado polo grupo municipal do PP para a realización de tres actuacións que afectan á seguridade nos arredores da Igrexa da Barciela.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a conservación das figuras da senda mitolóxica do Monte Viso.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre as horas extras que se lle debe á policía local.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre as iniciativas postas en marcha polo goberno para o acollemento de refuxiados ucráinos.
- 4.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a situación das traballadoras do servizo de axuda no fogar.
- 5.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a situación da licitación do contrato de xestión da rede de centros socioculturais.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG en relación á licitación do contrato dos centros socioculturais.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do BNG en relación ás verteduras contaminantes á carballeira de Conxo.
- 8.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a construción do aparcamento da rúa Triacastela.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre as prazas de aparcamento da rúa Altiboia.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre as axudas aos concellos para afrontar os diversos obxectivos do PRTR.
- 3.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre o usos dos recursos habitacionais dos que dispón o concello.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre os contratos que ten subscritos o concello coa empresa Pintos y Salgado avogados dende 2016.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do PP en relación ás persoas ou entidades convidados a cada un dos grupos de impulso e seguimento GIS, no marco da Axenda Urbana 2030.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG en relación a publicación de actuacións feitas na lexislatura.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do BNG en relación ao conflito das xogadoras do Amio.

Despois do debate do rogo que figura co número 4, formulado por CA sobre a rúa Vagalume, faise un descanso cando son as 13:57 horas e volve a retomase a sesión

ás 16:02 horas, co debate sobre o rogo que figura como núm. 5. Reincorporándose a sesión a totalidade dos/as concelleiros/as.

19. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentadas e tratadas na presente sesión son os que a continuación se transcriben:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA MOCIÓN POLA COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS MUNICIPAIS COS PROXECTOS MARCO RELACIONADOS COS FONDOS EUROPEOS «NEXT GENERATION»

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O tecido do sector cultural de Santiago de Compostela precisa unha adaptación urxente ao contexto derivado da pandemia da COVID19 e da potencial estanflación da crise enerxética. Desde o Concello é necesario facilitar a reconversión de proxectos culturais históricos de longa traxectoria e favorecer o nacemento de novos proxectos orientados a desenvolver procesos renovados no eido local. Debemos concienciarnos da necesidade de captar financiamento en distintos niveis institucionais, con especial atención á reunión de recursos de proximidade e fondos europeos. Só entón poderemos manter, nas mellores condicións e nestas circunstancias conxunturais, o dereito de acceso á cultura e participación cultural.

Lembremos que o pasado ano 2021 só 3 entidades asociativas foron beneficiarias de axudas municipais para desenvolver actividades culturais por un importe de 9.661,98€, dun total consignado de 48.500€. Perdéronse, polo tanto, 38.838,02€ para desenvolver actividades de asociacións culturais por concorrancia. No ámbito das axudas para actividades culturais de empresas desistiron da solicitude das axudas numerosas empresas e cooperativas culturais por non poder desenvolver as actividades que propuxeran á convocatoria. Lembremos que as axudas para actividades culturais resolvéronse o 19 de outubro de 2021 e o prazo para xustificalas rematou o 29 de outubro, polo que só existiu posibilidade de desenvolver as actividades con axuda concedida e publicada no prazo temporal de 10 días.

Daquela, o Grupo Municipal de Compostela Aberta propuxo ampliar a data de xustificación ata final de ano, mais non logramos que o goberno modificase dita data de xustificación como demandaban numerosas entidades do sector para conseguir desenvolver as actividades durante os últimos dous meses do pasado ano.

Neste 2022 atopamos un contexto caracterizado pola oportunidade do lanzamento de proxectos tractores como o da «Cultura Emerxente» e outros proxectos dependentes dos fondos «Next Generation». Estes fondos nacen orientados, entre outros obxectivos, a un «aumento da cohesión e das oportunidades dos colectivos culturais existentes no ámbito local, así como a xeración de novas actividades e modelos de negocio que favorecerán a creación de emprego a longo prazo». Destacamos este proxecto de «Cultura Emerxente» por estar especialmente orientado á participación de

mulleres e persoas menores de 40 anos; e «buscar unha vertebración sobre a inclusión, a igualdade, a sustentabilidade e a equidade para lograr acadar melloras na profesionalización, a innovación, o emprendemento, a dixitalización e a creatividade» no ámbito das industrias culturais e creativas.

En clave local, precisamos pasar dos ditos aos feitos, e prepararnos para capacitar ás entidades do sector cultural de Santiago e activar novos proxectos e entidades para aproveitar a captación destes fondos e que sexan compatibles coas axudas para actividades culturais para empresas e asociacións no termo municipal. Precisamos que as entidades culturais da cidade planifiquen o seu financiamento nun contexto amplo que integre a captación e a xestión de fondos europeos.

Para prepararnos e pola captación de fondos europeos para o tecido cultural compostelán e, para que as axudas municipais á cultura sexan compatibles cos fondos «Next Generation», o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte

ACORDO:

1. Que o goberno municipal oriente unha redacción compatible das axudas para actividades culturais 2022 cos proxectos marco como o «Cultura Emerxente» e outros dependentes da implementación dos fondos «Next Generation».
2. Que programe urxentemente unha formación intensiva para mulleres, persoas menores de 40 anos, membros de asociacións culturais e outras persoas interesadas, co obxectivo de acadar unha capacitación suficiente coa que iniciar o camiño para a captación dos fondos europeos orientados a mellorar os tecidos culturais de proximidade cos fondos «Next Generation».
3. Que programe unha formación intensiva para empresas do sector cultural da cidade interesadas en captar financiamento dos fondos europeos.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA O IMPULSO DA DIMENSIÓN SOCIAL, DO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E DA ECONOMÍA CIRCULAR APROVEITANDO O NOMEAMENO DE SANTIAGO COMO CAPITAL DA ECONOMÍA SOCIAL

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Economía Social está relacionada co conxunto de actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo aquelas entidades que perseguen o interese colectivo das persoas integrantes ou ben o interese xeral económico ou social. As Entidades da Economía Social xorden como resposta ás diversas necesidades sociais da contorna na que se desenvolven, achegando solucións positivas e colaborativas a través de diversas actuacións, tanto no empresarial como no social, e que teñen como consecuencia máis inmediata o fomento da cohesión social a través do desenvolvemento local.

Algúns dos principios básicos da Economía Social son a primacía das persoas e do fin social sobre o capital; a xestión autónoma, transparente, democrática e participativa,

ou a promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local. Supón un modelo económico que facilita substancialmente a innovación social, ofrecendo solucións aos problemas sociais, económicos e ambientais.

A Economía Social constitúe arredor do 10% do PIB español, cubrindo o 8% do tecido produtivo a través de máis de 43.000 empresas. Conta con máis de 20 millóns de persoas implicadas no ámbito asociativo e todo iso materialízase en 2,3 millóns de empregos directos e indirectos. En Galicia agrupa a máis de 7.300 entidades e empresas, cun volume de emprego estimado de case 25.000 traballadores e máis de 74.120 socios, comunitarios ou mutualistas (segundo o tipo de entidade). Toda a súa actividade xera arredor do 7% do PIB galego.

Santiago de Compostela acaba de ser recentemente nomeada “Capital española da economía social”, unha designación que abre unha oportunidade de impulsar unha axenda decidida e ambiciosa que entenda que a recuperación económica do municipio tras dous anos de pandemia e crise económica só é posible se somos capaces de apostar por un modelo que non se preocupe únicamente das grandes cifras económicas, senón da situación das persoas e do aproveitamento das súas capacidades para crear proxectos nun marco laboral de calidade. Non se trata só dunha política pública realizada dende un departamento concreto, senón que se trata dunha estratexia transversal que debería impregnar toda a actividade municipal.

Os municipios son os espazos onde máis actuacións se poden e se deberían facer para afrontar a actual crise ecolóxica e impulsar a un mesmo tempo a Economía Social e a Economía Circular baseadas no compromiso social e a proximidade. Unha fórmula que poña o foco tamén nas transformacións necesarias no sistema de transporte e mobilidade, na recollida selectiva de residuos e no sistema alimentario onde o mercado social e o emprendemento teñen un espazo natural de crecemento. A Economía Social e a Economía Circular constitúen estratexias fundamentais que ofrecen alternativas aos modelos empresariais tradicionais, mellorando os resultados económicos ao tempo que se reduce o impacto medioambiental do uso dos recursos.

Durante o mandato de Compostela Aberta (2015-2019) leváronse a cabo importantes e continuadas actuacións neste campo co obxectivo de apostar por un novo modelo económico en Compostela tendo en conta as fortalezas da cidade: capitalidade, proxección internacional, universidade, cultura e patrimonio e cumprimento dos criterios de sustentabilidade do territorio. Entre as actuacións máis importantes destacan:

Axudas á empresas de recente creación Compostela Móvese primando ás cooperativas de traballo asociado e ás sociedades laborais.

Foros de Economía Social no que participaron numerosas persoas co obxectivo principal de estimular a promoción económica centrada nas persoas como motores de cambio e na responsabilidade empresarial como factor clave do emprendemento sostible.

Adhesión á Rede Eusumo da Xunta de Galicia para a realización de actividades vinculadas á promoción do desenvolvemento económico, con especial atención ás que promovan a economía social e colaborativa.

Elaboración do primeiro Catálogo de Entidades de Economía Social en Santiago

de Compostela.

“Almorzos do Bo Facer” cuxo obxectivo foi a creación dun espazo de encontro para as cooperativas no que deseñar proxectos colaborativos para mellorar as súas necesidades e que estas poidan reverter nunha mellora e beneficio no resto da comunidade.

Servizo de Emprendemento Colaborativo: Programa de apoio na elaboración e posta en funcionamento de proxectos cooperativos e colaborativos en materia de emprendemento, así como na elaboración de accións de promoción e colaboración entre empresas xa constituídas.

Proxecto “Colaboractiva”: Servizo de busca de emprego Colaborativo para o apoio na busca activa de emprego e intraemprendementos, no que se combinan accións colectivas de formación con titorías persoalizadas.

Aprobación do catálogo de cláusulas sociais: incluíndo a adopción de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, medidas específicas en materia de igualdade, o subcontrato de –cando menos – o 15% do contrato a empresas de Servizos de Interese Económico Xeral, a contratación dun mínimo do 5% de persoas desempregadas, que o número de novos contratos indefinidos chegue ao 30% e que se incorporen melloras na formación do persoal.

Xa no mandato actual, nestes últimos case tres anos, a axenda política en materia de economía social e colaborativa pasou a depender directamente da alcaldía, implicando unha merma sustancial do seu impulso sendo simbólicamente significativo que na propia páxina web da área de Economía Social ubicada no Cersia continúe a fotografía de quen foi concelleira de Compostela Aberta, Concha Fernández, responsable desta área durante o anterior mandato municipal.

Á vista desta situación de desaceleración e desleixo no compromiso do goberno coa Economía Social e emprendedora en Compostela, e tendo en conta o recente nomeamento de Santiago como “Capital da Economía Social”, o Grupo Municipal de Compostela Aberta propón o seguinte

ACORDO:

1. Que o goberno municipal procure un modelo de contratación máis centrado na calidade do servizo que no prezo:

a. Implementando políticas de contratación pública responsable que integren máis medidas sociais, ambientais, éticas e de innovación nos pregos de contratación co obxectivo de garantir os dereitos laborais, sociais e cidadáns das persoas traballadoras destes servizos públicos municipais, así como das persoas destinatarias ou usuarias destes contratos.

b. Cumprindo estritamente o catálogo de cláusulas sociais aprobado no anterior mandato e estudar a súa ampliación para futuras compras e contratacións do Concello de Santiago de Compostela garantindo os dereitos sociais e laborais das persoas traballadoras e promovan a economía social.

2. Elaboración dun Plan municipal de Impulso da Economía Social e Solidaria en Compostela para o período 2023-2025 que inclúa:

a. O compromiso efectivo cunha economía local circular e sustentable; promovendo as actividades económicas das medianas, pequenas e microempresas locais e, singularmente, das persoas emprendedoras da Economía Social.

b. Actualización do catálogo de entidades para convertelo nun verdadeiro 'Atlas da Economía Social do Concello de Santiago' para mapear e caracterizar as organizacións de economía social que actúan en Compostela.

c. Estudar e impulsar por parte do Concello a posible apertura do patrimonio público a iniciativas da Economía Social e Circular mediante cesión temporal de infraestruturas públicas -terreos, parcelas, solares, ou locais municipais baleiros- a persoas paradas de longa duración e xente moza para desenvolver actividades de alto valor ambiental e social engadido como a reciclaxe, restauración, segunda man, artesanía, produción ecolóxica, tecnoloxías da información compartida, formación e educación ao longo da vida, etc.

d. Fomentar a creación de mercados urbanos regulares de produtos ecolóxicos e de proximidade para o consumo responsable.

MOCIÓN PARA O DESEÑO E IMPLEMENTACIÓN DUNHA ESTRATEXIA DE USO E POSTA EN VALOR DE EDIFICIOS MUNICIPAIS REHABILITADOS E EN DESUSO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo dos últimos anos, o Concello de Santiago desenvolveu un acertado labor de rehabilitación e recuperación do seu patrimonio inmobiliario que permitiu evitar a deterioración e o abandono de varios inmobles situados no rural ou en barrios periféricos. Ese foi o caso das escolas unitarias de Villestro, da Portela, da Susana ou de Amio, que ben a través de escolas obradoiro ou a través do procedemento de contratación, foron obxecto de obras que permitiron a súa rehabilitación, tanto exterior como interior.

A antiga escola unitaria da Portela, na parroquia de Figueiras, foi recuperada a través dun contrato de obra adxudicado en 2008, ao que se destinaron case 400.000 euros. Para tratar de activar o seu uso decidiuse a creación dunha Aula de Coñecemento do Medio Rural -posteriormente convertida en Centro de Interpretación- para a realización de talleres, eventos e itinerarios guiados. Durante os primeiros meses organizáronse visitas e mesmo acampadas arredor dunhas instalacións dotadas de cociña e distintas estancias. Aínda que ao longo dos primeiros anos se desenvolveron distintas iniciativas, co paso do tempo a súa actividade foi esmorecendo. Pronto fará unha década que as instalacións permanecen pechadas e sen uso ou cando menos sen que conste ningunha actividade pública.

O edificio escolar de Villestro correu parecido destino que o anterior. As obras -realizadas no marco dun obradoiro municipal de emprego no que traballaron 23 alumnos durante 6 meses- remataron en febreiro de 2015 e dous meses despois púxose en marcha a súa conversión en "Centro de Interpretación de Villestro", centrando a súa actividade no abundante legado da arte prehistórica principalmente da parroquia, recollido na exposición "Compostela rupestre", na creación dunha web

divulgativa e a organización de visitas guiadas, contando coa colaboración do colectivo A Rula. Pasados os meses, o centro foi pechado e -a pesar das propostas promovidas por este Grupo- así permanece ata hoxe, á espera de reactivar a súa función dentro do parsimonioso proxecto coral "Compostela rupestre". Vanse cumprir 7 anos de abandono e inactividade, posto que nin durante o mandato anterior nin no actual se abriron as súas portas.

Pola súa parte, as antigas escolas da Susana e de Amio, foron rehabilitadas durante o pasado mandato a través de cadanseu obradoiro de emprego. En ambos casos o destino principal inicialmente concibido foi o de centro para bicicletas todo terreo (BTT). O centro da Susana, cuxo proxecto se iniciara en 2014, foi aberto ao público en 2017 e apenas estivo aberto 6 meses, permanecendo pechado desde marzo de 2018. Van alá 4 anos.

Non correu mellor sorte a escola unitaria de Amio, cuxas obras remataron en 2019 e que pretendía converterse noutro centro BTT. Despois dos traballos de rehabilitación a única actividade desenvolvida é a relacionada coa Sociedade Deportiva Amio, á que se lle cedeu un pequeno local para continuar co seu labor nesas instalacións, pero a maior parte do edificio continúa pechado e sen uso ata o día de hoxe. Van uns tres anos.

Xunto a estes casos, cunha inactividade xa prolongada, poderíamos citar outros novos espazos sobre os que, a pesar do seu reiterado e nunca concluído proceso de rehabilitación, o Goberno mantén aínda unha indefinición sobre o seu destino final. Tal é o caso, da Casa das Máquinas ou do Palacete do Espiño, por poñer dous exemplos de alcance que se poderían integrar neste singular inventario.

E neste mesmo sentido, poderíamos citar toda a rede de centros socioculturais, cuxo uso está moi por debaixo do que tería e podería ser, xunto a outros bens inmobles propiedade municipal sen uso definido.

Á vista desta situación de falta de aproveitamento e de uso duns inmobles recuperados, que poderían ser utilizados para os fins que estiveran previstos ou para outros novos que se considerasen máis rendibles socialmente, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao corresponde órgano do Goberno local a que, coa maior dilixencia:

1. Elabore e implemente unha estratexia para a posta en valor e optimización do uso dos inmobles de propiedade municipal.
2. Reabra, para a súa posta a disposición da veciñanza, e dos potenciais usuarios, os locais das escolas unitarias rehabilitadas de Villestro, da Portela, da Susana e de Amio.
3. Defina o concreto uso da Casa das Máquinas e do Palacete do Espiño antes de rematar o proceso de rehabilitación, para que poidan ser utilizados desde o mesmo momento en que as obras acaben.

MOCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUN INVENTARIO E PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS PARA ELIMINAR ATRANCOS PARA A MOBILIDADE E

ACCESIBILIDADE EN BEIRARRÚAS E SENDAS PEONÍS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na pasada sesión plenaria, este grupo municipal facíase eco das condicións nas que o Goberno acordaba a recepción das obras da senda peonil na parroquia de Laraño, pola beira da estrada que desde A Barcia enlaza con Bugallido, na que se mantiñan no medio do trazado varios postes de formigón e madeira que dificultaban o tránsito peonil, incumprindo a actual normativa de accesibilidade.

Tratando de xustificar un desatino tan evidente -e mesmo un incumprimento legal impropio dunha Administración pública- o alcalde tratou de motivar a decisión de recibir a obra nesas condicións co argumento de que o custo de trasladar os postes “probablemente sería maior que o custo de facer a senda” (126.420 euros). Unha afirmación sen ningún sustento documental, posto que o propio concelleiro encargado da obra recoñecería posteriormente que pediran orzamento para o traslado dos postos á empresa sen que esta lles contestara. En todo caso, consultando outros proxectos de sendas peonís nos que, como é natural se contemplaba o traslado dos postes, pódese comprobar que o orzamento habitual non supera os 500 euros por unidade, incluíndo montaxe e desmontaxe do poste e liña aérea, “incluso cimentación de formigón en masa e escavación”.

A pesar de que poida parecer insólita a estas alturas a situación na que se encontra a senda de Laraño, non é un caso illado, nin moito menos. A raíz da repercusión pública da “chafallada” nesta obra, recibimos avisos veciñais doutros lugares onde se dan circunstancias moi semellantes.

Así, na rúa da Cañoteira do Meixonfrio, cuxo proxecto para a creación de sendas peonís en catro tramos se executou a finais do pasado mandato, permanecen arredor dunha ducia de postes de madeira e formigón no medio do trazado que dificultan o tránsito peonil. Neste caso, o orzamento superior aos 150.000 euros contemplou a colocación de bancos e papeleiras, pero esqueceu o retranqueo dos postes que se estenden ao longo dos 400 metros do trazado.

O mesmo acontece, na rúa do Tambre. Hai menos de seis meses, o alcalde e o concelleiro do Medio Rural comprobaban o remate das obras de prolongación da beirarrúa na marxe para desta vía que enlaza Meixonfrio co Polígono do Tambre. Unhas obras nas que se investiron preto de 257.000 euros. Ao igual que no caso da obra de Laraño, o proxecto non contemplou o traslado dos postes. Non foi un feito casual nin un esquecemento inconsciente, posto que no propio proxecto se explicitaba que *“la red aérea existente se mantendrá siendo necesario prestar especial atención y cuidado de los trabajos en las proximidades de postes de la línea aérea, asegurando que no se descalce ni quede a la vista la cimentación de dicho fuste”*. Deste xeito, ao longo dos 800 metros da actuación, mantéñense arredor dunha decena de postes de madeira situados no medio da beirarrúa, postes que contrastan coas modernas luminarias brancas enclavadas na beira do trazado.

A vista destes exemplos, que probablemente teñan correlación noutras zonas do concello, para eliminar estes atrancos á mobilidade e á accesibilidade peonil, o Grupo municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao corresponde órgano do Goberno local a que, coa maior dilixencia posible, elabore un inventario e unha planificación detallada para eliminar, do medio do trazado de beirarrúas e sendas peonís do termo municipal, aqueles postes ou obstáculos que dificulten a mobilidade e que incumpran a normativa de accesibilidade.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE RETOME A REVISIÓN DO PLAN ESPECIAL DA CIDADE HISTÓRICA E SE REMATE E APLIQUE O PLAN DE XESTIÓN DA CIDADE HISTÓRICA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai xa case 10 anos, no ano 2013 cun goberno municipal do Partido Popular, iniciouse o proceso para a revisión do Plan Especial da Cidade Histórica aprobado no ano 1997 e que tan bo resultado tivo, no seu momento, para a protección e conservación da edificación. Mais, xa daquelas, no propio Prego de contratación do equipo redactor en 2013, falábase da necesidade da revisión do Plan Existente e de abordar tamén, como mellora, a redacción dun Plan de Xestión que abordara os usos da Cidade Histórica. Para a financiación da redacción deste Plan asinou un Convenio coa Consellería de Medio Ambiente que aporta o 50% dos cerca de 400.000 euros estimados para a licitación desta revisión do Plan Especial.

No anterior mandato, priorizouse dispor deste Plan de Xestión dotado dun carácter estratéxico que definira o papel da Cidade Histórica dentro da propia Cidade e que abordara dunha forma prioritaria, a regulación e compatibilidade dos usos para poder manter o carácter residencial neste ámbito da cidade catalogado como Patrimonio da Humanidade.

Un documento froito dun proceso de participación no que participaron máis dun cento de axentes da cidade e de moi distintos ámbitos e que se elaborou de forma paralela á revisión do Plan Especial da Cidade Histórica se ben non se circunscribía exclusivamente a este ámbito. Este Plan de Xestión cunha clara visión estratéxica, despois de 25 anos de experiencia en políticas de conservación e rehabilitación, elaborado por un equipo redactor liderado por Juan Requejo, identificou como primeiro reto da cidade histórica manterse como cidade viva e non converterse nun lugar non que unicamente se acumula o patrimonio para ser visitado polos turistas. No documento apúntase a unha perda grave da vitalidade da cidade histórica, que se deduce da perda progresiva de poboación residente e dos usos tradicionais dos inmobles e da excesiva centralidade dos sectores da hostalería e o ocio.

Os obxectivos estratéxicos que fixou o Plan de Xestión pasan, pois, por desenvolver o potencial de acollida residencial da cidade histórica e a por recuperar as actividades comerciais e culturais propias; por asegurar a conservación do patrimonio, e por reorientar o modelo turístico. Tamén se apunta a necesidade de impulsar a vinculación da zona vella de Santiago á innovación e o coñecemento, xunto co apoio ás actividades creativas e de organizar un esquema de mobilidade adaptada ás súas condicións específicas para vertebrar mellor a améndoa co seu contexto urbano e

comarcal.

O Plan de Xestión da Cidade Histórica está relacionado e debe influír noutros documentos de especial relevancia para a cidade, dende o PXOM ata o Plan de Transporte Metropolitano, pasando polo Plan Estratéxico de Turismo, o Plan de Mobilidade, ou o Plan de Acción Local polo Emprego, pero sobre todo, definiu con claridade os obxectivos a acadar na Revisión do Plan Especial da Cidade Histórica, que estíbese a redactar simultaneamente.

O primeiro fito desta revisión do Plan Especial foi a redacción do documento de Avaliación Ambiental e do Borrador do Plan, inspirados nese traballo previo elaborado a través dun gran traballo participativo realizado no ano 2018, que contou cunha extraordinaria participación de todos os axentes sociais abordando os tema fundamentais para o futuro da Cidade Histórica tal e como se pode comprobar na documentación do plan de Xestión.

A pesar deste traballo e de todo o dialogo, incluíndo a todos os grupos políticos, tanto o PP como o PSOE non entenderon que fora prioritario avanzar nesta revisión do Plan Especial e bloquearon coa súa abstención continuar coa tramitación no pleno de novembro de 2018, igual que fixeron, con evidente interese electoralista coa revisión do planeamento da Finca do Espiño ou coa aprobación inicial da modificación da ordenación do Peleteiro.

Esta revisión do Plan Especial, seguindo os criterios fixados polo Plan de Xestión, establecía as pautas fundamentais para manter a vitalidade da cidade histórica fomentando o carácter residencial, a recuperación da vitalidade residencial; a reocupación das vivendas por residentes permanentes fronte ao modelo dos pisos turísticos; a implantación dunha rede de telecomunicacións na zona vella; ou a protección do comercio e fomento dos usos tradicionais na cidade fronte ao comercio de recordos turísticos, xunto con medidas como a creación de zonas de aparcamento reservadas para residentes ou o deseño dun novo esquema de mobilidade.

O Plan Especial ademais propoñía revisar os seus bordes, para resolver problemas de planeamento en ámbitos que xa teñen sido debatidos neste pleno, coma no barrio de San Lourenzo e os bordes do sarela ou na contorna de Belvís e San Pedro, ou en Sar, de forma que unha nova ordenación e a súa inclusión no ARI impulsen a mellora destes espazos.

Cuestións todas elas fundamentais para a cidade, igual que outras nas que se ten avanzado coma o impulso do rexistro de solares ou o programa de control de pisos turísticos, que no anterior mandato non se puideron impulsar ante a limitación de contratación de persoal, pero que sería fundamental que puideran quedar recollidas e reguladas na revisión do Plan Especial para logo non ter que lamentarnos de situacións de falla de protección coma as que vivimos co “Café Derbi”.

Ao longo deste mandato e a pesar das preguntas e propostas deste e doutros grupos nada soubemos dos plans deste goberno para continuar coa revisión do Plan Especial ou para finalizar e implementar o Plan de Xestión, nin tampouco sobre si van ter que devolver os cartos aportados pola Xunta ata o día de hoxe en base ao Convenio de financiación.

Mais no pasado mes de decembro, o goberno local fixo pública a súa renuncia a revisar o Plan Especial do casco histórico e anunciou que “atenderá de forma oportuna as modificacións que requira”. Parécenos un grave erro esta renuncia á revisión do

Plan Especial e á súa capacidade para regular e protexer os usos na Cidade Histórica, que é o debate fundamental na actualidade e que quedou sen abordar no ámbito da revisión dos usos do PXOM, cando é o ámbito máis sensible e que require ese estudio exhaustivo dentro da revisión do Plan Especial.

Por todo o anterior o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte

ACORDO:

1. Instar ao goberno local a retomar os traballos de revisión do Plan Especial da Cidade Histórica e que esta revisión aborde a regulación dos usos, seguindo as directrices estratéxicas do Plan de Xestión aprobado no anterior mandato.
2. Finalizar o traballo do Plan de Xestión coa implementación das medidas contempladas, no resto de documentos coma Plan Estratéxico de Turismo, Plan de Mobilidade, Plan de Comercio ou Plan de Acción Local polo Emprego, que permitirían mellorar a vitalidade e calidade de vida dos residentes na Cidade Histórica.
3. Instar ao goberno local a renovar o acordo coa Xunta para seguir contando con financiación para esta revisión do Plan Especial e non ter que devolver os cartos aportados por esta para financiar o custe do Documento de Análise e Información Urbanística, pagado en 2016 e o Documento de avaliación ambiental e o Borrador do Plan Especial do ano 2018.

MOCIÓN PARA A DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES DOS CENTROS SOCIOCULTURAIS E PARA DESCENTRALIZAR A OFERTA CULTURAL EN SINERXÍA CO PEQUENO COMERCIO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para a difusión das actividades dos centros socioculturais e para descentralizar a oferta cultural en sinerxía co pequeno comercio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela dispón dunha ampla rede de centros socioculturais cunha oferta de actividades, exposicións e cursos para distintas idades que é insuficiente e que se viu reducida (de maneira drástica no rural) e carece de promoción suficiente, posto que hai persoas que descoñecen a programación e horarios para se poderen inscribir e participar. Noutras ocasións, non se aproveita unha determinada actividade, por exemplo, unha exposición, para ofertar unha serie de actos complementarios, perdendo a oportunidade de rendibilizar entre nós determinado evento. Isto é especialmente dramático cando se dá en actos do propio concello, mais debería ser unha constante tamén para con aquelas outras actividades promovidas polas diversas administracións que ofertan programación cultural na nosa cidade.

De feito, só se realiza a difusión conxunta das actividades dos centros socioculturais no momento en que se presenta o calendario de actividades ou cando se inaugura unha exposición, mais fóra das redes sociais non se dá a coñecer a oferta de xeito continuado. Este xeito limita a divulgación do labor que se realiza e supón un atranco á hora de participar potenciais persoas usuarias. Así é que a afluencia resulta escasa e diminuíu de xeito considerábel nos últimos anos.

Por outra parte, a veciñanza e o tecido comercial reclaman actividades de

dinamización cultural descentralizadas, tanto no Ensanche como nos barrios, para animar as persoas a visitar distintos emprazamentos e favorecer o acto das compras e de descubrir novos establecementos de pequeno comercio. Artes escénicas, concertos, creación plástica, danza, cine ao aire libre poden resultar atractivos para dispor dunha programación cultural e artística descentralizada en distintas prazas dos barrios de Santiago, posto que a maioría destas actividades se limitan á Cidade histórica.

Finalmente, hai tempo que se detectou a necesidade de coordinar as axendas de oferta cultural no noso concello tanto das diferentes administracións como das entidades privadas que interveñen culturalmente no territorio compostelán.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago, a través da empresa concesionaria das actividades dos centros socioculturais, realizará unha maior difusión en distintos soportes das actividades programadas.
2. O Concello de Santiago planificará actividades arredor dos eventos culturais que teñan lugar no seu termo municipal, ofrecendo mesmo esta posibilidade a outras administracións que oferten programación cultural na nosa cidade.
3. O Concello de Santiago descentralizará os actos culturais aos distintos barrios para favorecer a participación veciñal independentemente do lugar de residencia e dos recursos económicos, cos obxectivos de incrementar a cohesión social e a igualdade de oportunidades, ao tempo que se procuran sinerxías para a dinamización do pequeno comercio compostelán.
4. O Concello de Santiago pulará pola coordinación de axendas de actividades culturais das diferentes administracións e entidades privadas que conflúen na oferta cultural de Compostela.

MOCIÓN RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E ESPAÑOL PARA MITIGAR O IMPACTO DO CRECEMENTO DISPARADO DA INFLACIÓN NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción relativa ás actuacións que deben impulsar os gobernos galego e español para mitigar o impacto do medre disparado da inflación na sociedade e economía galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder de

compra do diñeiro no tempo. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos enfrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente as persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, por tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos eramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no Estado español un 111,5%% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agrávaa, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Hai, por tanto, marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos moitas industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e, sobre todo, porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que Goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Demandar do Goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a

medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.

2. Demandar do Goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.

3. Demandar do Goberno central o incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.

4. Demandar do Goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.

5. Demandar do Goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agrogandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.

6. Demandar do Goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.

7. Demandar do Goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.

8. Demandar do Goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

9. Demandar do Goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

MOCIÓN PARA A INSTALACIÓN DE PANEIS DE COMUNICACIÓN SOCIAL

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para a instalación de paneis de comunicación social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno aprobou no mes de maio de 2016 unha iniciativa do BNG para a instalación

de novos paneis de comunicación social en emplacements visíbeis e transitados, tanto nos barrios como no centro da cidade, unha proposta que a formación nacionalista incluíu, ademais, en diversas ocasións na negociación dos Orzamentos municipais con CA mais que non se fixo efectiva pese ao seu baixo custe económico e o aforro en limpeza que pode supor a dotación destes soportes publicitarios.

Como se reclamara xa daquela, o BNG require tamén a revisión daqueles paneis que se encontran deteriorados e a garantía de que as empresas construtoras cumpran co previsto na ordenanza e poñan a disposición espazos destinados a este fin no peche das obras.

En Santiago de Compostela están instalados diversos paneis para a comunicación social que poden ser usados por asociacións, partidos, sindicatos, comisións de festas e industrias culturais, entre outros, para daren a coñecer convocatorias das actividades que desenvolven.

Porén, dende a súa colocación, moitos destes soportes foron retirados e outros que se atopan moi deteriorados precisan dunha revisión para cumpriren a súa función de favorecer a difusión de información e contribuír á liberdade de expresión.

En xaneiro de 2015, a Valedoría do Pobo realizoulle unha suxestión ao Concello de Santiago en relación coa habilitación de espazos para a comunicación social nos valados das obras.

A normativa establece que estes paneis deben situarse, ademais de nos peches das obras, en soportes instalados polo Concello en emplacements visíbeis e transitados, para garantir a súa función. Tamén o Regulamento municipal de participación cidadá recoñece a finalidade destes taboleiros. Así mesmo, o seu tamaño debe ser o suficientemente amplo para a demanda existente nunha cidade coas características de Santiago de Compostela.

No caso das obras, na actualidade segue sen dispor deste espazo previsto na ordenanza de publicidade estática, nin tan sequera nos valados de obras realizadas pola entidade municipal nin por outras administracións públicas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago habilitará paneis de comunicación social que poden contribuír, en boa medida, a reducir a cartalaría colada en lugares inapropiados debido, xustamente, á falta de espazos adecuados a este fin.

MOCIÓN PARA DEMANDARLLE AO GOBERNO ESPAÑOL O APOIO A UNHA SOLUCIÓN QUE GARANTA O RESPECTO DO DEREITO INTERNACIONAL E AS RESOLUCIÓNS PARA O RECOÑECIMENTO DO DEREITO DE AUTODETERMINACIÓN DO POBO SAHARAUÍ

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o rexeitamento do acordo do Goberno español con Marrocos e o apoio a unha solución que garanta o respecto do dereito internacional e as resolucións para o recoñecemento do dereito de autodeterminación

do pobo saharauí.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1975, despois dun informe da ONU, o Estado español comprometeuse a convocar un referendo de autodeterminación do territorio saharauí, mentres que Marrocos e Mauritania reivindicaban este espazo ocupado pese á proclamación da República Árabe Saharaí Democrática. Porén, nin a comunidade internacional a través das Nacións Unidas, nin o Estado español como responsábel do proceso de descolonización do Sáhara Occidental, foron quen de garantir o respecto do dereito internacional e o cumprimento das resolucións que recoñecen o dereito de autodeterminación do pobo saharauí.

Os territorios do Sáhara Occidental, repartidos en primeira instancia e co beneplácito e complicidade do Goberno español, en 1975, entre Marrocos e Mauritania, continúan ocupados de maneira ilegal polo Estado de Marrocos, unha ocupación non recoñecida por supor unha vulneración flagrante do dereito internacional. Neses territorios ocupados, milleiros de saharauís sofren a represión e a violación dos dereitos humanos por parte das autoridades marroquís, o que implicou declaracións de condena e de rexeitamento en ámbitos como as Nacións Unidas ou o Parlamento europeo.

Outra parte da poboación saharauí vive refuxiada en condicións infrahumanas desde hai 50 anos, no deserto alxeriano, un dos lugares máis inhóspitos e inhabitábeis do planeta, preto da cidade de Tinduf. E nas últimas décadas, coa pretensión de dobregar o pobo saharauí, reduciuse de xeito alarmante a axuda humanitaria e o programa de alimentos, imprescindibles para a subsistencia dos refuxiados e refuxiadas.

En 1979 creouse a Misión da ONU para o Referendo do Sáhara Occidental (Minurso) como fase transitoria dunha consulta para decidir o pobo saharauí entre a súa independencia ou a integración en Marrocos. Este referendo de autodeterminación aínda non se produciu.

En novembro de 2010, as forzas de ocupación marroquís disolveron violentamente o campamento de Gdeim Izik, nos arredores de El Aiún, organizado por máis de 20.000 saharauís para protestar polas condicións infrahumanas en que viven.

En febreiro de 2013, o Parlamento europeo adoptou unha resolución coa preocupación polo feito de se continuaren violando os dereitos humanos no Sáhara Occidental, pedindo protección dos dereitos fundamentais do pobo saharauí, incluída a liberdade de asociación, expresión e manifestación, ademais de esixir a liberación das presas e presos políticos. Tamén expresou o seu apoio a unha solución xusta e resolutiva do conflito, amparada no dereito á autodeterminación do pobo saharauí, de acordo coas resolucións das Nacións Unidas.

Consideramos a postura do goberno español como unha traizón ao pobo saharauí, xa que se prega aos intereses de Marrocos e vai en contra de todos os acordos adoptados até o momento polas institucións internacionais, que unanimemente se teñen pronunciado a favor do dereito do pobo saharauí a exercer o seu dereito de autodeterminación, por medio dun referendo entre a súa poboación.

A postura do goberno español supón lexitimar a ocupación por parte de Marrocos, a represión, a violación dos dereitos humanos e o roubo das riquezas existentes en

territorio saharauí. Ademais demostra que a política exterior do goberno español se alinea claramente cos posicionamentos dos EUA e de Israel, dous estados coñecidos pola súa política imperialista de agresión a outros pobos, e apoio a réximes antidemocráticos, como é o caso da monarquía marroquí.

O cambio de posición do Goberno español producido hai unhas semanas, que acepta a proposta presentada por Marrocos en 2007, deixa o Sáhara Occidental baixo a soberanía marroquí, agás algunhas competencias que quedarían cedidas ao Fronte Polisario, que actualmente rexe a autoproclamada República Árabe Saharaí Democrática. Esta decisión do Goberno de Pedro Sánchez conta co rexeitamento da opinión pública e de diversos colectivos e vai en contra das resolucións a nivel internacional. Desde o colectivo Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) consideran un erro desafortunado esta decisión do presidente do Goberno español, Pedro Sánchez, que sucumbiu á presión de Marrocos e advirte de que isto vai supor unha fenda con Alxeria, en vez de procurar unha saída pacífica ao conflito que respecte os dereitos e liberdades do pobo saharauí.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago traslada ao Goberno español o rexeitamento ao acordo con Marrocos que somete o pobo saharauí, logo de anos de ocupación ilegal do territorio do Sáhara Occidental e de vulneración dos dereitos humanos, co obxectivo de retornar á posición de buscar unha solución que garanta o respecto do dereito internacional e as resolucións para o recoñecemento do dereito de autodeterminación do pobo saharauí.

2. O Concello de Santiago demándalle ao Goberno do Estado español que lle esixa a Marrocos que cese de inmediato a sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios ilegalmente ocupados do Sahara Occidental.

3. O Concello de Santiago dá traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno español, ministro español de Asuntos exteriores, portavoces dos grupos parlamentarios do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados, representante da Unión Europea para Asuntos exteriores e política de seguridade, Embaixada de Marrocos no Estado español, representante do Fronte Polisario na Galiza e presidenta de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE GARANTA A TRANSPARENCIA E O ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA NO CONCELLO DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O acceso á información pública e a transparencia como normas do bo goberno deben ser principios sobre os que pivote a acción política e de goberno de calquera

administración pública. Neste sentido, aqueles países nos que existen maiores niveis de transparencia e nos que se aplican mellor as normas do bo goberno son os que contan con institucións públicas máis sólidas que favorecen o desenvolvemento social e económico e o avance das súas sociedades.

Sobre o acceso á información aprobouse unha moción en marzo do ano pasado, instando ao goberno local a "garantizar o exercicio do dereito á información para a función de fiscalización e control por parte dos grupos municipais da oposición, restaurando os mecanismos de resposta ás solicitudes de acceso a información e transparencia vixentes no mandato municipal anterior", sen que a situación mudara substancialmente. De feito, á data de rexistro desta moción, o Goberno ten sen responder, unha vez finalizado o prazo, catro preguntas formuladas polo grupo municipal de Compostela Aberta, dúas delas xa a finais de 2021. Do mesmo xeito, permanecen sen atender varias solicitudes de información do noso grupo municipal.

En materia de transparencia, o retroceso do Concello de Santiago tamén é evidente co actual goberno local, sobre todo se o comparamos co mandato anterior. A transparencia e ter un Concello coas paredes de vidro e aberto á veciñanza, foron dous dos fins fundacionais de Compostela Aberta, e foron prioridades para o noso Goberno municipal. Por iso, no mandato anterior desenvóléronse varias liñas de traballo que tiñan como obxectivo avanzar e mellorar tanto no ámbito da transparencia como no da participación cidadá no ámbito local e municipal.

Cabe salientar que durante o goberno de Compostela Aberta elevouse o índice ITA 2017 (o último publicado) ata o 91,9 situando a Santiago como segunda cidade galega en transparencia. O ITA é un índice elaborado publicamente por *Transparencia Internacional* que no caso do Estado español avalía o nivel de transparencia das institucións públicas a través da avaliación dos datos e a información que se fan públicas desde as súas webs medindo oitenta indicadores e áreas de transparencia.

Os resultados anteriores de Santiago neste índice viñan sendo ITA 2014 66,3 (o último índice do goberno do PP) e no ITA 2009 88,8 (último índice do goberno bipartido PSOE-BNG). Polo tanto, Compostela Aberta non só modificou a deriva escurantista que estaba a implementar o PP, senón que mesmo superou en transparencia aos gobernos anteriores de Bugallo. E é unha mágoa que non se publicara o ITA 2019 porque temos a certeza de que aínda sería máis alto, posto que transparentaría unha etapa anterior ao retorno de Bugallo.

Unha innovación e mellora moi importante foi, tamén, a da implementación de varias ferramentas como o novo portal de transparencia <http://transparencia.santiagodecompostela.gal> onde se poden consultar información sobre a corporación municipal, contratación pública, información económica, normativa municipal, urbanismo, etc. Especial mención merece a facilitación e a posta a disposición da cidadanía de cuantiosa información económica municipal para poder coñecer en que gasta e como ingresa o Concello de Santiago através da web <https://orzamentoaberto.santiagodecompostela.gal> que ofrecía numerosos datos abertos.

Tamén no anterior mandato elaborouse, aprobouse e implementouse un **Plan Estratéxico de Administración Electrónica, Transparencia e Bo Goberno** implicando a todos os departamentos e servizos para que fose un plano transversal, que está agora a ser implementado. E aprobouse xa no 2016 unha **Ordenanza de transparencia, acceso á información pública e reutilización de datos da**

administración do Concello de Santiago de Compostela que adapta Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e mesmo a supera.

No que levamos de mandato, é evidente que a transparencia non foi unha das prioridades do actual Goberno e así se pón de manifesto na web municipal. Son moitos os apartados vinculados á transparencia que non foron actualizados, algúns tan relevantes como o Informe anual da Comisión Especial de Reclamacións e Suxestións, os datos dos estados de execución orzamentaria, as contas anuais, ou distinta información dos contratos de obras. Tamén resulta chamativo que no apartado relativo aos gastos dos grupos municipais, o PSOE non facilitara ningunha información relativa ao ano 2021, cando se deben dar contas de maneira trimestral. Do mesmo xeito, os concelleiros do Goberno non facilitan case ningunha información nas súas axendas institucionais. Na do alcalde en concreto non figuran máis que xuntanzas recurrentes como “despacho coa Policía” ou “reunión de grupo”, mais sen ningunha información a maiores. En canto ao Portal de Datos Abertos implementado no pasado mandato, os últimos orzamentos incorporados á web son os de 2020.

Por todo o anterior o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte

ACORDO:

Instar ao goberno local a implementar as medidas oportunas para recuperar os índices de transparencia anteriores e garantir o exercicio do dereito de acceso a información da cidadanía, no camiño de construír unha administración pública máis acesible e transparente.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS SOCIALISTA, POPULAR, COMPOSTELA ABERTA E BNG, PARA APOIAR A CANDIDATURA DO DR. ÁNGEL CARRACEDO E SIR ALEC JEFFREYS AOS PREMIOS PRINCESA DE ASTURIAS

O doutor Carracedo, investigador e docente da Universidade de Santiago (USC) é unha das figuras máis representativa da Medicina forense a nivel mundial, destacando pola súa contribución á patoloxía forense coa introdución da autopsia molecular.

O actual presidente da Academia Internacional de Medicina legal, no campo da xenética clínica e medicina xenómica ten realizado contribucións relevantes no coñecemento da causa xenética das enfermidades, promovendo a creación da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, que dirixe desde entón, o centro de maior volume de España no diagnóstico de enfermidades xenéticas.

Ademais, o profesor Carracedo tamén creou e dirixe o Centro Nacional de Genotipado, a infraestrutura IMPaCT Xenómica para o desenvolvemento da Medicina personalizada en España e a infraestrutura Innopharma e Fundación Kaertor para o desenvolvemento de fármacos en fase preclínica. Os seus grupos de traballo e investigación son lugares de excelencia onde se forman científicos de todo o mundo que protagonizan moitos dos avances máis importantes no campo da xenética forense.

Pola súa banda, o doutor británico Sir Alec Jeffreys, nado en 1950 en Oxford, centrou as súas investigacións en explorar a diversidade do ADN humano e os procesos de mutación que crean esta diversidade; sendo un dos primeiros investigadores en descubrir a variación herdada no ADN humano.

Sen dúbida, a súa gran achega científico-técnica foi o descubrimento da pegada de ADN, mostrando como se pode empregar para resolver problemas de identidade e parentesco, e abrindo o campo do ADN forense. O impacto posterior do ADN na resolución de casos de paternidade e inmigración, a captura de delincuentes e a liberación de inocentes foi extraordinario, afectando directamente á vida de millóns de persoas en todo o mundo.

O seu traballo tivo como obxectivo tratar de comprender como se xera a variación no ADN humano, mediante o desenvolvemento de técnicas novas e moi potentes para detectar cambios espontáneos na información xenética a medida que se transmite de pais a fillos.

Os descubrimentos do profesor Jeffreys abriron un inmenso campo de posibilidades para a aplicación práctica dos polimorfismos de ADN ás ciencias forenses, desenvolvementos que foron liderados polo doutor Ángel Carracedo nos últimos 25 anos.

Sobre a base do achado científico do Dr. Jeffreys, o doutor Ángel Carracedo describiu os primeiros STRs; foi pioneiro no uso de ADN mitocondrial na práctica forense (crime de Alcasser, 2000); no uso de multiplexes de cromosoma e; na análise de SNP para o recoñecemento de vítimas de grandes catástrofes naturais (Tsunami asiático, 2004) ou en casos complexos de parentesco (identificación do fillo de Clara Rojas, Colombia); e máis recentemente, no fenotipado forense por ADN, que facilita a determinación de ancestralidade, determinación da idade ou a pigmentación, contribuíndo á resolución de casos policiais complexos (Operación Mindstead - UK, 2009-; asasinato de Eva Blanco -1997; probas do atentado do 11- M).

O profesor Alec Jeffreys debe de ser considerado como o descubridor do 'ADN fingerprint', a pegada xenética, coa que se revolucionou a Medicina forense, a investigación policial e as resolucións xudiciais; e o profesor Carracedo, debe de ser recoñecido como o seu máximo innovador, con avances importantes que permitiron a súa aplicación, cunha contribución decisiva á estandarización e á aplicación das probas de ADN na práctica forense. Deste xeito, o traballo do doutor Carracedo foi a punta de lanza para toda a comunidade internacional na estandarización e validación de marcadores para a utilización da pegada de ADN, participando en organismos reguladores como o Forensic DNA Regulator (Reino Unido), e na Comisión Nacional para o uso Forense do ADN.

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela acorda apoiar a candidatura do Dr. Ángel Carracedo e Sir Alec Jeffreys aos premios Princesa de Asturias presentada pola Xunta de Galicia. Do presente acordo daráse traslado á Fundación Princesa de Asturias."

Presentáronse emendas a dúas das mocións, que xa se recollen nos acordos adoptados.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA pola compatibilidade das axudas para actividades culturais cos proxectos marco relacionados cos fondos europeos, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Que o goberno municipal oriente unha redacción compatible das axudas para actividades culturais 2022 cos proxectos marco como o «Cultura Emerxente» e outros dependentes da implementación dos fondos «Next Generation».

2. Que programe urxentemente unha formación intensiva para mulleres, persoas menores de 40 anos, membros de asociacións culturais e outras persoas interesadas, co obxectivo de acadar unha capacitación suficiente coa que iniciar o camiño para a captación dos fondos europeos orientados a mellorar os tecidos culturais de proximidade cos fondos «Next Generation».

3. Que programe unha formación intensiva para empresas do sector cultural da cidade interesadas en captar financiamento dos fondos europeos.

Con relación á moción presentada polo grupo municipal de CA para o impulso e dimensión social do desenvolvemento económico e da economía circular, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP) acorda:

1. Que o goberno municipal procure un modelo de contratación máis centrado na calidade do servizo que no prezo:

a. Implementando políticas de contratación pública responsable que integren máis medidas sociais, ambientais, éticas e de innovación nos pregos de contratación co obxectivo de garantir os dereitos laborais, sociais e cidadáns das persoas traballadoras destes servizos públicos municipais, así como das persoas destinatarias ou usuarias destes contratos.

b. Cumprindo estritamente o catálogo de cláusulas sociais aprobado no anterior mandato e estudar a súa ampliación para futuras compras e contratacións do Concello de Santiago de Compostela garantindo os dereitos sociais e laborais das persoas traballadoras e promovan a economía social

2. Elaboración dun Plan municipal de Impulso da Economía Social e Solidaria en Compostela para o período 2023-2025 que inclúa:

a. O compromiso efectivo cunha economía local circular e sustentable; promovendo as actividades económicas das medianas, pequenas e microempresas locais e, singularmente, das persoas emprendedoras da Economía Social.

b. Actualización do catálogo de entidades para convertelo nun verdadeiro 'Atlas da Economía Social do Concello de Santiago' para mapear e caracterizar as organizacións de economía social que actúan en Compostela.

c. Estudar e impulsar por parte do Concello a posible apertura do patrimonio público a iniciativas da Economía Social e Circular mediante cesión temporal de infraestruturas públicas -terreos, parcelas, solares, ou locais municipais baleiros- a persoas paradas de longa duración e xente moza para desenvolver actividades de alto valor ambiental e social engadido como a reciclaxe, restauración, segunda man, artesanía, produción ecolóxica, tecnoloxías da información compartida, formación e educación ao longo da vida, etc.

d. Fomentar a creación de mercados urbanos regulares de produtos ecolóxicos e de proximidade para o consumo responsable.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do PP para o deseño e implementación dunha estratexia de uso e posta en valor de edificios municipais rehabilitados e en desuso, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda: instar ao corresponde órgano do Goberno local a que, coa maior dilixencia:

1. Elabore e implemente unha estratexia para a posta en valor e optimización do uso dos inmobles de propiedade municipal.

2. Reabra, para a súa posta a disposición da veciñanza, e dos potenciais usuarios, os locais das escolas unitarias rehabilitadas de Villestro, da Portela, da Susana e de Amio.

3. Defina o concreto uso da Casa das Máquinas e do Palacete do Espiño antes de rematar o proceso de rehabilitación, para que poidan ser utilizados desde o mesmo momento en que as obras acaben.

Faise un descanso cando son as 18:14 horas e reanúdase a sesión as 18:35 horas, reincorporándose a totalidade dos/as asistentes.

Na moción presentada polo grupo municipal do PP para a elaboración dun inventario e planificación dos traballos para eliminar atrancos para a mobilidade e accesibilidade, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao corresponde órgano do Goberno local a que, coa maior dilixencia posible, elabore un inventario e unha planificación detallada para eliminar, do medio do trazado de beirarrúas e sendas peonís do termo municipal, aqueles postes ou obstáculos que dificulten a mobilidade e que incumpran a normativa de accesibilidade.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA para que se retome a revisión do Plan Especial da cidade histórica, á que presentou emenda transaccional o grupo municipal do PP e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Instar ao goberno local a retomar os traballos de revisión do Plan Especial da Cidade Histórica, identificando aquelas determinacións ou criterios que se revelaron máis polémicos ou máis limitativos, especialmente para a función residencial, e abordando a regulación dos usos, considerando destacadamente, as directrices do Plan de Xestión aprobado no anterior mandato.

2. Finalizar o traballo do Plan de Xestión coa implementación das medidas contempladas, no resto de documentos como Plan Estratéxico de Turismo, Plan de Mobilidade, Plan de Comercio ou Plan de Acción Local polo Emprego, e de medidas para previr ou paliar o ruído nocturno, de tal modo que se permita mellorar a vitalidade e calidade de vida dos residentes na Cidade Histórica.

3. Instar ao goberno local a renovar o acordo coa Xunta para seguir contando con financiación para esta revisión do Plan Especial e non ter que devolver os cartos achegados por esta para financiar o custo do Documento de Análise e Información Urbanística, pagado en 2016 e o Documento de avaliación ambiental e o Borrador do Plan Especial do ano 2018.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG para a difusión das actividades dos centros socioculturais e para descentralizar a oferta cultural en sinerxía co pequeno comercio, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do PP e de CA (2 BNG, 8 PP e 5 CA) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que:

1. O Concello de Santiago, a través da empresa concesionaria das actividades dos centros socioculturais, realizará unha maior difusión en distintos soportes das actividades programadas.

2. O Concello de Santiago planificará actividades arredor dos eventos culturais que teñan lugar no seu termo municipal, ofrecendo mesmo esta posibilidade a outras administracións que oferten programación cultural na nosa cidade.

3. O Concello de Santiago descentralizará os actos culturais aos distintos barrios para favorecer a participación veciñal independentemente do lugar de residencia e dos recursos económicos, cos obxectivos de incrementar a cohesión social e a igualdade de oportunidades, ao tempo que se procuran sinerxías para a dinamización do pequeno comercio compostelán.

4. O Concello de Santiago pulará pola coordinación de axendas de actividades culturais das diferentes administracións e entidades privadas que conflúen na oferta cultural de Compostela.

A moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa ás actuacións que deben impulsar os gobernos galegos e español para mitigar o impacto do crecemento disparado da inflación na sociedade e economías galegas, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda:

1. Demandar do Goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.

2. Demandar do Goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.

3. Demandar do Goberno central o incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.

4. Demandar do Goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.

5. Demandar do Goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agrogandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.

6. Demandar do Goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.

7. Demandar do Goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.

8. Demandar do Goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

9. Demandar do Goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

10. Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias monoparentais cun orzamento e calendario específico de desenvolvemento.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG para a instalación de paneis de comunicación social, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda que o concello habilite paneis de comunicación social que poden contribuír, en boa medida, a reducir a cartellaría colada en lugares inapropiados debido, xustamente, á falta de espazos adecuados a este fin.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG para demandarlle ao goberno español o apoio a unha solución que garanta o respecto do dereito internacional e as resolucións para o recoñecemento do dereito a autodeterminación do pobo saharauí, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-POSE e 8 PP), acorda que o concello:

1. Traslade ao Goberno español o rexeitamento ao acordo con Marrocos que somete o pobo saharauí, logo de anos de ocupación ilegal do territorio do Sáhara Occidental e de vulneración dos dereitos humanos, co obxectivo de retornar á posición de buscar unha solución que garanta o respecto do dereito internacional e as resolucións para o recoñecemento do dereito de autodeterminación do pobo saharauí.

2. Demande ao Goberno do Estado español que lle esixa a Marrocos que cese de inmediato a sistemática violación dos dereitos humanos da poboación saharauí que vive nos territorios ilegalmente ocupados do Sahara Occidental.

3. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno español, ministro español de Asuntos exteriores, portavoces dos grupos parlamentarios do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados, representante da Unión Europea para Asuntos exteriores e política de seguridade, Embaixada de Marrocos no Estado español, representante do Frente Polisario na Galiza e presidenta de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de CA para que se garanta a transparencia e o acceso á información pública, á que presentou emenda o grupo municipal do BNG e posteriormente presentou transaccional CA. e tras aceptada esta última, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno local a implementar as medidas oportunas para recuperar os índices de transparencia anteriores e garantir o exercicio do dereito de acceso á transparencia tanto por parte dos grupos municipais, que conforman a Corporación como por parte do conxunto da cidadanía, no camiño de construír unha administración pública máis accesible e transparente.

Na moción conxunta presentada polos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG), o Pleno da Corporación por unanimidade acorda apoiar a candidatura do Dr. Ángel Carracedo e Sir Alec Jeffreys aos premios Princesa de Asturias presentada pola Xunta de Galicia.

Do presente acordo daráse traslado á Fundación Princesa de Asturias.

Remata a sesión as 20:24 horas. Dou fe.